

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 1 DE FEBREIRO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás vinte horas do día un de febreiro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, reúnese, en sesión telemática a través da plataforma Councilbox, con carácter ordinario e en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten telematicamente os señores concelleiros don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE; don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe, do PP; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites de AV; e integrando o Grupo Mixto, dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's.

Asiste telematicamente don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e presencialmente dona María Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Faise constar que a presente sesión foi celebrada por medios telemáticos, a través da plataforma Councilbox, sistema autorizado por Resolución da Alcaldía núm. 643/2020, do 19 de maio, para a celebración de sesións extraordinarias, tanto das Comisións Informativas Permanentes como do Pleno municipal, durante a duración do estado de alarma decretado por Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, así como durante a vixencia das súas prórrogas, isto de acordo co establecido no apartado 3 do artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, do seguinte teor literal:

“3. En todo caso, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo alcalde ou presidente ou quen validamente lles substitúa para o efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o seu carácter público ou secreto segundo proceda legalmente en cada caso.

Para os efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten.”

Por este motivo non foi posible enlazar a gravación en vídeo de todo o ocorrido na sesión ao documento electrónico da acta da sesión, de xeito que puidera ser asinada conxuntamente pola secretaria da Corporación e polo señor alcalde, adoptando o sistema de videoacta, tal e como se establece no artigo 130 do Regulamento orgánico municipal.

Tendo en conta canto antecede, redáctase a presente acta, comprensiva do lugar, data e hora de celebración da sesión, carácter ordinario desta, asistentes, contido dos acordos acadados, sentido dos votos emitidos, e, así mesmo, recóllese a integridade das intervencións de cada un dos oradores, para a súa constancia e para coñecemento xeral.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Pronunciamento do Pleno respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 95.2 do Regulamento orgánico municipal

Tendo en conta o disposto no artigo 103.1 e 2 do Regulamento orgánico municipal, no que se establece que toda sesión do Pleno municipal, ordinaria ou extraordinaria, deberá respectar o principio de unidade de acto, polo que se deberá levantar dentro do mesmo día en que se iniciase, salvo que se alongue con carácter excepcional, a criterio da Alcaldía-Presidencia, e que os asuntos incluídos na orde do día que non puidesen ser debatidos e resolto, deberanse incluír na orde do día da seguinte sesión que se realice, ordinaria ou extraordinaria.

Tendo en conta que no día de onte foi necesario levantar a sesión ordinaria do Pleno municipal ás 00:05 horas da noite, sen que se puidera terminar de tratar todos os asuntos incluídos na orde do día.

O señor alcalde somete a votación a urxencia dos asuntos a tratar, e xustifica a urxencia da convocatoria en que o prazo de presentación da solicitude do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, POS+ Adicional 1/2021, para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021, finaliza o vindeiro día 5 de febreiro, e que as bases da convocatoria e orzamento do concurso de disfraces do Entroido 2021 deben ser publicadas no BOP co fin de abrir o prazo de presentación de candidaturas, que remata o 16 de febreiro de 2021.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), dous concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's).

Faise constar que no momento das votacións non é posible establecer conexión de vídeo cos concelleiros do PSdeG-PSOE don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e dona Patricia María Parcerero Quiñoy, co fin de que manifesten o sentido do seu voto mediante signo convencional de asentimento, disentimento ou abstención, polo que, de conformidade co disposto no artigo 106.2 do Regulamento orgánico municipal, o seu voto computa como abstención.

O Pleno municipal, por dezanove votos a prol, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 95.2 do ROM.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Aprobación, se procede do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, POS+ Adicional 1/2021, para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Benestar Social, de data 12 de xaneiro de 2021, que consta do seguinte teor literal:

«O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data 27 de novembro de 2020, aprobou as Bases Reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+2021", que se destina aos 93 concellos da provincia, para gastos sociais extraordinarios xestionado directamente pola Sección de Servizos Sociais da Deputación Provincial da Coruña.

Xunto co POS+2021 regúlase simultaneamente un POS+ADICIONAL 1/2021 para financiamento de gastos sociais extraordinarios a través da Sección de Servizos Sociais da Deputación Provincial da Coruña.

O Concello de Cambre ten unha asignación para o POS+AD 1/2021 dun total de **237.308,73 euros**.

Visto o informe da coordinadora de Servizos Sociais do Concello de Cambre de data 28 de decembro de 2020.

Á Concellería de Benestar social propón ao Pleno da Corporación a aprobación da solicitude do Plan POS+ADICIONAL 1/2021 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios para o exercicio de 2021.

O Concello de Cambre, a proposta da concelleira delegada de Benestar social, é destinar a totalidade do importe (237.308,73 euros), de entre todos os gastos sociais extraordinarios, ao parágrafo b), que di literalmente: *“Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos o nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.”*

En base ao anterior, propoño ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+AD 1/2021 da Deputación provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19	237308,73 euros
---	-----------------

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2020	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO
<i>Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos o nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración</i>	260000,00€	0 euros	260000,00€
TOTAL	260000,00€	0 euros	260000,00€

Segundo: Facultar expresamente á concellería delegada de Benestar social, para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 21 de xaneiro de 2021.

Concedida a palabra a dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, explica que se trae a pleno a proposta de aprobación da solicitude do plan POS+ Adicional 1/2021 para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios para o exercicio do 2021.

Di que a asignación concedida pola Deputación da Coruña é de 237.308,73 euros, que será destinada na súa totalidade á partida de emerxencia social, debido á situación socioeconómica derivada do Covid-19.

Concedida a palabra a dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que o voto do Grupo Municipal Popular vai ser a prol. Di que eles tampouco poden concibir, como grupo, que se destine esta axuda a algo que non fose axuda social precisamente agora, polo tanto, o voto é favorable.

Concedida a palabra a dona Sandra Sánchez Vieites, concelleira de AV, manifesta que desde o grupo municipal de AV van votar a prol desta axuda económica que chega por parte da Deputación para axudar ás persoas que máis o precisan no concello.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común, manifesta que desde EU van votar a prol desta iniciativa, sobre todo desta axuda tan necesaria para gastos sociais e extraordinarios do exercicio 2021.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), dous concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's). E abstéñense os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández).

Faise constar que no momento das votacións non é posible establecer conexión de vídeo cos concelleiros do PSdeG-PSOE don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e dona Patricia María Parceró Quiñoy, co fin de que manifesten o sentido do seu voto mediante signo convencional de asentimento, disentimento ou abstención, polo que, de conformidade co disposto no artigo 106.2 do Regulamento orgánico municipal, o seu voto computa como abstención.

O Pleno municipal, por dezasete votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.2. Aprobación, se procede, das bases da convocatoria e orzamento do Concurso de disfraces do Entroido en Cambre 2021, así como a súa convocatoria

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, de data 18 de xaneiro de 2021, que consta do seguinte teor literal:

«A celebración do Entroido en Cambre ten unha grande repercusión dentro do concello, pero tamén nos municipios limítrofes. Isto débese a que, ao longo do tempo, adquiriu unha identidade propia e unha forza espontánea grazas á implicación da veciñanza, dos participantes e dun público animoso que viven con entusiasmo esta festividade.

A celebración da edición deste ano terá un carácter moi distinto debido á situación sanitaria provocada pola COVID-19, que se impón sobre o formato tradicional e obriga a modificar a estrutura da organización da festa.

Ata o de agora, o elemento principal do programa consistía nun concurso de disfraces, carrozas e comparsas que se levaba a cabo o sábado correspondente ao Entroido pequeno. Este acto congregaba un considerable número de xente no Campo da Feira e nos arredores, reunión que vai contra as normas sanitarias actuais e supón un perigo para a saúde da xente. Débese ter en conta que a natureza desta celebración está marcada por un carácter especialmente festivo que, con gran probabilidade, podería favorecer a propagación do virus nun ambiente moi distendido.

Tendo en consideración as medidas de prevención ditadas pola autoridade pertinente, este ano o concurso será só de disfraces e os participantes deberán achegar as súas propostas para o concurso en formato dixital, fotográfico ou de vídeo, segundo se indica nas bases.

Por todo isto dende a Área de Cultura, Deportes e Xuventude propónse ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar inicialmente as “bases da convocatoria do concurso de disfraces do Entroido en Cambre 2021” co seguinte teor literal, así como a súa convocatoria:

“BASES DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO EN CAMBRE 2021

A finalidade deste concurso é estimular e fomentar a participación veciñal nunha festa popular e tradicional como o Entroido.

1. MODALIDADE ÚNICA DE DISFRACES

- 1.1. O concurso divídese en catro categorías: infantil (ata 11 anos), xuvenil (de 12 a 18 anos), adulto (a partir de 19 anos) e grupo de conviventes.
- 1.2. A inscrición formalizarase mediante a presentación da solicitude na sede electrónica (sede.cambre.es) preferentemente, ou en calquera das oficinas de Rexistro Municipal, sen prexuízo do disposto no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para estes efectos, a data de inscrición a considerar será a de entrada no Rexistro do Concello de Cambre.

Os participantes deberán achegar, xunto coa ficha de inscrición, unha fotografía para a súa valoración polo xurado. Tamén poderán achegar un vídeo de non máis de 1 minuto de duración, neste caso a través da conta de correo cultura@cambre.org. No asunto deberá figurar “Concurso Entroido Pequeno Cambre 2021” e no corpo do texto o nome da persoa interesada ou representante indicado na ficha de inscrición.
- 1.3. O prazo para presentar as candidaturas comeza ao día seguinte da publicación destas bases no BOP da Coruña e remata o 16 de febreiro de 2021.

2. PREMIOS

2.1. Os premios a outorgar serán os seguintes:

CATEGORÍA	Infantil individual (ata 11 anos)	Xuvenil individual (de 12 a 18 anos)	Adultos individual (a partir de 19 anos)	Grupo de conviventes
1.º Premio	350,00 euros	350,00 euros	350,00 euros	350,00 euros
2.º Premio	250,00 euros	250,00 euros	250,00 euros	250,00 euros
3.º Premio	150,00 euros	150,00 euros	150,00 euros	150,00 euros

- 2.2. O xurado poderá declarar deserto calquera deles.
- 2.3. O día do Entroido pequeno, sábado 20/02/2021, darase a coñecer a decisión do xurado a través da páxina web (www.cambre.gal) e das redes sociais do Concello. Na semana posterior a organización contactará coas persoas gañadoras.

3. PAGO DOS PREMIOS

- 3.1. O pagamento dos premios realizarase mediante transferencia bancaria. Aplicaranse as retencións fiscais oportunas, segundo a lexislación vixente, ao titular da conta bancaria asociada ao premio.
- 3.2. Para o pago dos premios é necesaria a presentación no rexistro de entrada da seguinte documentación:
 - a) Ficha do formulario de datos fiscais debidamente cumprimentada.
 - b) Fotocopia do NIF do premiado ou do seu representante legal, na categoría individual. No caso de grupo, achegárase o NIF do representante.

- c) Certificado da conta bancaria onde se ingresará o importe do premio. Na categoría individual o titular deberá ser o premiado ou o seu representante legal. No caso de grupo, o titular deberá ser o representante indicado na solicitude.

3.3. A presentación desta documentación implica a autorización ao Concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas tributarias. Con carácter previo ao pagamento, comprobarase de oficio que os premiados están ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, co Concello e coa Seguridade Social. De incumprirse esta condición non se poderá recibir o premio.

3.4. A data límite para entregar a documentación é o 20 de marzo de 2021. A non presentación da documentación en prazo ocasionará a perda do dereito á percepción do premio e/ou gratificación.

3.5. Coa transferencia entenderase aboado o premio correspondente.

4. ASPECTOS XERAIS

4.1. Unha das finalidades do concurso é dar visibilidade ás propostas de cada participante a través das redes sociais do Concello, de tal xeito que o traballo e o esforzo creativo de cada quen poida ser visto no escenario virtual que este ano substituirá ao espazo físico habitual.

4.2. A organización poderá descualificar aquelas propostas que se consideren vexatorias, especialmente para as minorías étnicas, as persoas con discapacidade, etc.

5. XURADO

5.1. O xurado estará composto por tres persoas invitadas e de recoñecido prestixio, alleas á organización dos actos, presidido polo concelleiro da Área de Cultura, Deportes e Xuventude ou pola persoa na que delegue, con voz pero sen voto, e actuará como secretario/a un/unha funcionario/a do Concello.

5.2. A participación no concurso do Entroido 2021 en Cambre implica o coñecemento e aceptación destas bases. Calquera circunstancia non prevista será resolta pola organización ou o xurado, segundo corresponda, sendo a súa decisión inapelable.

6. CRITERIOS DO XURADO

6.1. O xurado valorará os seguintes aspectos:

- a. A orixinalidade, estética, creatividade e traballo na elaboración dos disfraces.
- b. A conservación do *Entroido tradicional*.
- c. Valorarase a presentación das propostas.
- d. Terase moi en conta o uso de materiais de refugallo na elaboración dos disfraces.
- e. O uso do galego, tanto oral como escrito, no caso de ser necesario uso da palabra.
- f. O xurado poderá non valorar propostas semellantes ás recreacións históricas celebradas no municipio.
- g. O xurado outorgará un só premio por persoa ou grupo de conviventes.
- h. Non se valorarán as propostas que estean tratadas con programas de edición para retocar ou modificar fotografías ou vídeos. “

Segundo: Aprobar o modelo normalizado de solicitude de inscrición e datos fiscais a presentar polos premiados, que se transcriben a seguir:

CONCURSO ENTROIDO EN CAMBRE 2021

FICHA INSCRIPCIÓN DISFRACES (ESCRIBIR CON LETRAS MAIÚSCULAS)

NOME ARTÍSTICO:

CATEGORÍA:

INFANTIL

XUVENIL

ADULTO

GRUPO CONVIVENTES

NOME DO/S PARTICIPANTE/S

PERSOA INTERESADA / REPRESENTANTE

Nome e apelidos:	Asdo.:
NIF:	Teléfono:
Enderezo:	
Localidade:	e-mail:

Coa sinatura deste documento autorízase ao Concello de Cambre a empregar as fotografías e vídeos enviados ao concurso para a súa publicación na web municipal e nas redes sociais do Concello.

A inscrición neste concurso implica a aceptación das bases do mesmo. Máis información: 981 613 193 [ou cultura@cambre.org](mailto:cultura@cambre.org)

Cambre, ____ de _____ de 2021

Alcalde – Presidente do Concello de Cambre

CONCURSO ENTROIDO EN CAMBRE 2021

Datos Fiscais PREMIOS DISFRACES

NOME ARTÍSTICO:

CATEGORÍA: INFANTIL XUVENIL ADULTO GRUPO CONVIVENTES

PREMIO: PRIMEIRO SEGUNDO TERCEIRO

PERSOA INTERESADA / REPRESENTANTE

Nome e apelidos: Asdo.:
NIF: Teléfono:
Enderezo:
Localidade: e-mail:

INFORMACIÓN PARA O PAGO DO PREMIO (segundo o punto 3 das bases do concurso):

3.1 O pagamento dos premios realizarase mediante transferencia bancaria. Aplicaranse as retencións fiscais oportunas, segundo a lexislación vixente, ao titular da conta bancaria asociada ao premio.

3.2 Para o pago dos premios é necesaria a **presentación no rexistro de entrada** da seguinte documentación:

- Ficha do formulario** de datos fiscais debidamente cumprimentada.
- Fotocopia do NIF** do premiado ou do seu representante legal, na categoría individual. No caso de grupo, achegarase o NIF do representante.
- Certificado da conta bancaria** onde se ingresará o importe do premio. Na categoría individual o titular deberá ser o premiado ou o seu representante legal. No caso de grupo, o titular deberá ser o representante indicado na solicitude.

3.3 A presentación desta documentación implica a autorización ao Concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas tributarias. Con carácter previo ao pagamento, comprobarase de oficio que os premiados están ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, co Concello e coa Seguridade Social. De incumprirse esta condición non se poderá recibir o premio.

3.4 **A data límite para entregar a documentación é o 20 de marzo de 2021.** A non presentación da documentación en prazo ocasionará a perda do dereito á percepción do premio e/ou gratificación.

3.5 Coa transferencia entenderase aboado o premio correspondente.

Si, declaro que estou ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, co Concello e coa Seguridade Social.

O asinante declaran que todos estes datos son certos.

Cambre, de de 2021

Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Cambre”

Terceiro: Aprobar un gasto por importe de *tres mil euros* (3.000,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2021 334 48100 “Becas e premios promoción cultural”.

Cuarto: Publicar os presentes acordos no *Boletín Oficial da Provincia* e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Quinto: No caso de que non se presenten, entenderanse definitivamente aprobadas estas bases da convocatoria do concurso de disfraces do Entroido en Cambre 2021, e publicarase no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Sexto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) da aprobación das Bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 21 de xaneiro de 2021.

Concedida a palabra a dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, explica que se trae a pleno a aprobación das bases da convocatoria e orzamento do concurso de disfraces do Entroido en Cambre 2021, así como a súa convocatoria.

Di que a celebración da edición deste ano terá un carácter moi distinto, debido á situación sanitaria provocada pola Covid-19 que se impón sobre o formato tradicional e obriga a modificar a estrutura de organización da festa.

Tendo en consideración as medidas de prevención ditadas pola autoridade competente, este ano o concurso será só de disfraces e os participantes deberán achegar as súas propostas para o concurso en formato dixital, fotográfico ou de vídeo, segundo se indica nas bases.

Por todo isto, di que dende a Área de Cultura, Deportes e Xuventude propónse ao Pleno municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro, aprobar as bases da convocatoria do concurso de disfraces do Entroido en Cambre 2021, así como a súa convocatoria.

De conformidade coas bases o concurso divídese en 4 categorías: infantil (ata 11 anos), xuvenil (de 12 a 18 anos), adulto (a partir de 19 anos) e grupo de conviventes.

A inscrición formalizarase mediante a presentación da solicitude na sede electrónica preferentemente, ou en calquera das oficinas do Rexistro Municipal.

Os participantes deberán achegar, xunto coa ficha de inscrición, unha fotografía para a súa valoración polo xurado. Tamén poderán achegar un vídeo de non máis de 1 minuto de duración.

O prazo para presentar as candidaturas comeza ao día seguinte da publicación das bases no BOP da Coruña e remata o 16 de febreiro de 2021.

Os premios a outorgar serán 3 premios por cada categoría. Para a categoría individual un primeiro premio de 350 euros, un segundo de 250 euros e un terceiro de 150 euros. No resto das tres categorías os premios serán do mesmo montante económico.

O xurado poderá declarar deserto calquera deles.

O día do Entroido pequeno, o 20/02/2021, darase a coñecer a decisión do xurado a través da páxina web e das redes sociais do Concello. Na semana posterior a organización contactará coas persoas gañadoras.

En canto ao pago dos premios, non hai cambios respecto doutros anos.

Nos criterios do xurado si que se engade que non se valorarán as propostas que estean tratadas con programas de edición para retocar ou modificar fotografías ou vídeos.

Continúa explicando que en segundo lugar propónse aprobar o modelo normalizado de solicitude de inscrición e datos fiscais a presentar polos premiados.

Terceiro, aprobar un gasto por importe de tres mil euros con cargo á aplicación orzamentaria 2021 334 48100.

Cuarto, publicar os presentes acordos no *Boletín Oficial da Provincia* e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Quinto, no caso de que non se presenten, entenderanse definitivamente aprobadas estas bases da convocatoria do concurso de disfraces do Entroido en Cambre 2021, e publicarase no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Sexto, dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións da aprobación das Bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Concedida a palabra a dona Sandra Sánchez Vieites, concelleira de AV, manifesta que dende o seu grupo non se van opoñer á aprobación das bases deste concurso, pero si que lles parecería máis adecuado que os premios estiveran máis distribuídos, porque se está a establecer o mesmo premio para un concurso fotográfico online que para a realización das carrozas ás que están habituados.

Por outra parte, di que tamén botan en falta que se teña máis en conta a creación cultural, por iso o voto de AV vai ser a abstención.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e tres concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Abstéñense os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

Faise constar que no momento das votacións non é posible establecer conexión de vídeo co concelleiro do PSdeG-PSOE don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, co fin de que manifeste o sentido do seu voto mediante signo convencional de asentimento, disentimento ou abstención, polo que, de conformidade co disposto no artigo 106.2 do Regulamento orgánico municipal, o seu voto computa como abstención.

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.3. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Fóra da orde do día, o señor presidente propón que se someta conxuntamente a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia das seguintes mocións, isto co fin de axilizar o proceso de votacións telemáticas:

- Moción presentada polo grupo municipal do PP en apoio da creación dun fondo de cooperación galego Covid-19
- Moción presentada polo grupo municipal do BNG a favor da construción de sendas peonís e carrís bicis no Concello de Cambre

Concedida a palabra aos concelleiros de UxC e seguidamente aos concelleiros do PSdeG-PSOE, manifestan o seu voto a prol da urxencia de ambas mocións.

Concedida a palabra aos concelleiros do PP, don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, manifesta que consideran que é preceptivo a xustificación da urxencia, pero se non o consideran, pois non a xustifican e van directamente ás votacións. Di que como vexa a señora secretaria.

A secretaria xeral manifesta que o que queiran os señores concelleiros.

O señor presidente explica que dende o Goberno e dende a Presidencia entenden que non fai falta xustificala, xa que a presentou tamén o xoves pasado, pero se el quere xustificala, está no seu dereito e pode xustificala. Xa lle di que o PSOE e UxC xa votaron a prol da urxencia.

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex di que como dende o seu punto de vista é necesario xustificar a urxencia, pois única e exclusivamente dicir que o PP presentou unha moción en apoio da creación dun fondo de cooperación galego porque entenden que é necesaria a existencia e implicación en apoio de sectores tan importantes como o da hostalería. Que entre as tres Administracións é conveniente crear ese fondo de cooperación local.

Toma a palabra o señor presidente quen indica que se lle permiten, entón, os concelleiros do PP, tamén lle daría paso primeiro ao BNG por se querían xustificar a súa moción, xa que tanto para UxC como para o Partido Socialista non era necesaria a xustificación, pero non saben se dende o BNG queren xustificala. Se lle permiten, di que lles dá a palabra.

Pide que se dende o BNG consideran oportuno que teñen que xustificar a urxencia da súa moción, que pidan a palabra, se non directamente pasan á votación.

Tendo en conta que os concelleiros do BNG non solicitan a palabra, continúa a votación da urxencia das mocións co voto dos concelleiros do PP.

Concedida a palabra aos concelleiros do BNG, don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que intentaron intervir varias veces cando o señor alcalde falou da urxencia da moción e o programa non os admitiu, tanto ao seu compañeiro como a el botounos fóra. Simplemente dicir que non ven necesario xustificar a urxencia dende o punto e hora que se xustifica polo propio contido da moción e lóxicamente o seu voto vai ser favorable.

A continuación emiten o seu voto sobre a urxencia das mocións os concelleiros de AV.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, di que antes de nada quere preguntar, porque ve na orde do día que teñen colgada ao lado da pantalla, ve que se diferencian as mocións presentadas, como sempre, entre mocións urxentes en asuntos de competencia do pleno, que son as dúas que están votando, se non se equivoca, a do PP en apoio da creación dun fondo de cooperación galego, e a moción do BNG a favor da construción de sendas peonís e carrís bicis no Concello de Cambre. Di que entende que esas dúas caen dentro das competencias do pleno.

O señor presidente e a secretaria da Corporación confirman que é así.

Dona María Olga Santos López continúa dicindo que despois ve, despois do punto de declaracións institucionais, as mocións dos grupos municipais, e aí ve que hai unha do BNG para a mellora e dignificación da axuda alimentaria, que entende que non é competencia do pleno; outra do BNG para a elaboración dun protocolo Covid, que entende que tampouco é competencia do pleno; e unha de EU das traballadoras de axuda a domicilio, que entende que tampouco é competencia do pleno.

Di que á parte ela presentara dúas máis e si que lle gustaría, non sabe se é este momento apropiado ou non, que nalgún momento lle puideran xustificar por que unhas en que punto caen como competencia do pleno. A ela concretamente preocúpalle esta do grupo de vacinación e entende que efectivamente pode ser que non o sexa e entende que cabe neste punto, pero ve que se lle caeron dúas mocións máis, que podería entender que estiveran aquí por non ser competencia do pleno, pero non sabe se hai outro motivo, entón non é que queira organizar ela o pleno, pide que por favor a entendan, pero si lle gustaría que lle explicaran por que caen nun sitio ou noutro ou directamente non se tratan.

Conclúe dicindo que respecto do asunto da votación, vota a prol da urxencia das dúas que están tratando.

O señor presidente explica que neste caso entenden que hai dúas mocións que son competencia do pleno e que son as que están votando a urxencia agora, e despois hai dúas mocións máis do BNG e tres de EU que se tratarán despois nas mocións dos grupos municipais.

Dona María Olga Santos López manifesta que claro, pero que na orde do día de EU só aparece unha, por iso di, que pode ser un fallo do programa ou que ela non o vexa ben.

O señor presidente explica que a auxiliar de actas non terminou de metelas, pero que as vai ir metendo segundo continúen co pleno. Confirma que si se van tratar, sen ningún tipo de problemas.

Dona María Olga Santos López di que esa era a súa dúbida e agradece a resposta.

A continuación, vota a urxencia das mocións a concelleira de C's.

Así pois, votan a prol da urxencia das dúas mocións os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o integran, aprobou a declaración de urxencia das dúas mocións presentadas.

A) Moción do grupo municipal do PP en apoio da creación dun fondo de cooperación galego Covid-19

Rexistrada de entrada ao núm. 999/371 o día 22 de xaneiro de 2021. Consta do seguinte teor literal:

“A hostalería é un dos sectores nos que maior impacto teñen as restricións sanitarias implantadas para a contención da pandemia da COVID-19. Trátase dun sector que abrangue a preto de 20.700 establecementos en Galicia, a maior parte pequenas e medianas empresas que son fonte de subsistencia de moitas familias galegas.

Esta situación require dunha resposta institucional contundente e integral por parte das distintas administracións públicas (Goberno central, Xunta de Galicia, deputacións e concellos) que contribúa a apoiar a supervivencia dos establecementos. Neste marco, a Xunta de Galicia leva meses mantendo un diálogo constante con representantes dos hostaleiros e hostaleiras. No seo desas xuntanzas acordáronse medidas como un Plan específico de axudas para o ocio nocturno, por ser o sector que se mantivo totalmente pechado por máis tempo, e, máis recentemente, un Plan de rescate a persoas traballadoras autónomas, micro empresas e establecementos hostaleiros pechados por mor da pandemia. Este último plan está dotado de 86,2 millóns de euros e contén tres liñas de axuda ás que pode acceder á hostalería, ademais dunha liña exclusiva para este sector dotada con 17 millóns de euros de crédito.

Por outra banda, o Goberno galego habilitou tamén nos últimos meses liñas de préstamos directos para autónomos e pequenas empresas con máis problemas de liquidez por importe de 10 millóns de euros ou axudas para a adaptación das terrazas da hostalería e a adquisición de elementos de envasado de comida e bebida para a entrega a domicilio ou a recollida no local (3 millóns de euros). Ademais, avanzaouse que as axudas continuarán mentres se prorrogue a situación.

En paralelo, algúns concellos e deputacións habilitaron medidas de apoio, normalmente non específicas para este sector, e o Goberno central un plan de axudas ao sector Horeca que non incluíu axudas directas.

Considerando que as achegas nos vindeiros meses deberán continuarse dada a evolución da situación sanitaria, na súa xuntanza do pasado 13 de xaneiro, tanto o Goberno galego como os representantes da hostalaría propuxeron abrir unha tripla fronte mediante un fondo de cooperación Covid-19 que conte coa participación da Xunta de Galicia, deputacións e os concellos para salvar do peche ás empresas e autónomos da nosa comunidade, seguindo o modelo da comunidade autónoma de Valencia, onde a Generalitat achegará o 50% do dito fondo, as deputacións o 30% e os concellos o 20% restante.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Cambre, presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDOS**

1º.- O Concello de Cambre, en coñecemento da situación que atravesamos o sector da hostalería na Comunidade autónoma, manifesta o seu apoio á demanda dos representantes deste sector de que todas as administracións públicas (Xunta de Galicia, deputacións e concellos) contribúan de xeito coordinado e con medidas de contido económico, no ámbito das súas competencias, a paliar a crise no sector, co obxectivo de acadar unha resposta integral a esta.

2º.- O Concello de Cambre comprométese a contribuír, xunto co resto de administracións públicas de Galicia, á creación do Fondo de Cooperación galego COVID-19, ao igual que o que se aprobou na Comunidade Valenciana, co obxectivo de achegar á hostalería todo o apoio mobilizable desde o conxunto das administracións públicas galegas. A Xunta de Galicia achegará o 50% do dito fondo, as deputacións o 30% e os concellos o 20% restante.

3º.- O Concello de Cambre comprométese a estudar e, no seu caso, aplicar, as demandas que o sector ten feito ás administracións locais no ámbito das súas competencias e que algunhas teñen desbotado publicamente implementar:

3.1. A redución ou exención das taxas municipais á instalación de terrazas, á recollida de lixo e á auga, para contribuír á supervivencia do sector hostaleiro durante as restricións máis elevadas.

3.2. A aplicación dos tipos mínimos legais no imposto sobre bens inmobles (IBI); bonificacións do imposto sobre construcións instalacións e obras (ICIO) en relación coas licenzas de obra que se soliciten co fin de adaptar os locais as medidas de seguridade impostas pola situación sanitaria e bonificación do imposto sobre vehículos necesarios para a actividade (IVTM) no caso do comercio e a hostalería.

4º.- O Concello de Cambre solicita ao Goberno do Estado que aplique unha redución do IVE turístico ao 4%, que prolongue os ERTES de xeito consensuado cos axentes sociais mentres duren os efectos da pandemia e que inclúa axudas directas ao sector da hostalería no Plan de rescate aprobado polo Consello de Ministros.”

Concedida a palabra a don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, manifesta que o equipo de goberno do Concello de Cambre quere expresar e compartir a máxima preocupación do seu partido pola crítica situación pola que está pasando a hostalería do noso municipio, é dicir, que seguirán axudando e apoiando non só á hostalería, senón a todo o comercio local e autónomos do municipio, como levan facendo dende o principio desta crise sanitaria orixinada pola covid-19.

Dito isto, o equipo de goberno do Concello de Cambre, aínda que está de acordo nunha negociación entre as distintas Administracións, entre a Xunta de Galicia, as deputacións e a Fegamp, non poden adoptar ningún compromiso sobre a dita negociación ata saber o acordo final desa negociación.

Por este motivo, votarán en contra da moción.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o BNG van votar desfavorablemente, vanse opoñer a esta moción.

Ao seu modo de ver, secundando o que entenden que son as posturas maioritarias dos profesionais da hostalería que traballan dende a base e non participan moitas veces da cúpula de entidades asociativas que están mantidas, directa ou indirectamente, con fondos públicos, que o que debería haber neste momento é un peche formal da hostalería.

E di peche formal porque o que están a vivir a día de hoxe, en todo o país e, por suposto que si, comezando polo noso Concello de Cambre é un peche encuberto, é un peche de tapadillo.

O que precisan, ao seu modo de ver, os profesionais da hostalería e sectores adxacentes, a día de hoxe, é cobertura por parte do Estado, é unha indemnización, é unha garantía económica e social ante unha situación que irrevogablemente está levando ao cese da súa actividade.

Pregunta que pasa, e di que o que pecha, como dixo alguén tan afastado das súas posicións ideolóxicas como é o alcalde de Vigo, o Sr. Abel Caballero, é que quen pecha ten que pagar, e aquí ninguén quere pechar, nin o Goberno estatal, nin o Goberno da Xunta, que certo é que excede das súas competencias, pero dende logo podería situar o debate neses termos.

Polo tanto, ao seu modo de ver a postura responsable, a postura adulta, a postura racional nestes momentos é que se hai que pechar a hostalería, a hostalería debe ser pechada de maneira total durante os días que así se determine dende un punto de vista técnico, dende un punto de vista científico.

O que hai que facer é pagar, é sufragar os gastos e a pervivencia deses profesionais, nomeadamente dende as Administracións Públicas, tanto autonómica como sobre todo estatal.

Di que o resto para eles é marear a perdiz, falar de 100 millóns, falar de 80 millóns, falar de 120, iso non dá seguridade, nin xurídica, nin social, nin económica, a eses profesionais.

Entenden que debería haber unha formulación similar á que houbo co peche duro do mes de marzo, e o resto é, veña dun lado ou doutro, ao modo de ver do seu humilde grupo municipal, oportunismo, demagogia e distraer a atención do realmente importante e fundamental, que é que se realmente teñen que pechar a hostalería, que se peche e que se asuman as consecuencias económicas dese paro, para todos e para cada un dos traballadores con plenas garantías.

Conclúe dicindo que, pola súa parte, o seu voto, insiste, vai ser negativo.

Concedida a palabra a don Raúl Varela Fraguío, voceiro de AV, manifesta que, partindo da base do seu apoio á hostalería e considerando un pouco oportunista esta moción, xa que non só ten problemas a hostalería, está tamén o sector sociocultural, o deportivo, e así moitos máis, si que non se poden opoñer, pero tampouco van votar a prol dela.

E aproveita que veu esta moción para pedirlle un esforzo, na medida da posible, ao Concello nestes asuntos.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo, de C's, di que nun principio non habería problema para dar apoio a esta moción, tanto no que se refire aos fondos de reconstrución, como para o IVE turístico, como para a prórroga dos ERTES, iso xa o fixeron máis veces, o único tema que quizais non queda claro é en relación cos fondos de cooperación covid.

Pregunta ese 50% que achegaría a Xunta de onde sae. C's supón que se referirán aos fondos Next Generation da UE, ou pregunta se son fondos propios de cada Administración, se van ser fondos propios da deputación e do concello.

Pregunta se é para que parte dos fondos europeos pasen a ser fondos xestionados polas deputacións, para axudar mediante subvencións a municipios de menos de 20000 habitantes, e se é así, que sucede entón, se se vai manter a tónica habitual de que sexa a Xunta a que o abarque todo.

C's, de feito, tanto nos pactos de reconstrución e no decálogo de medidas que sacaron contra a covid, sempre apostou porque as deputacións ofrezan os seus recursos aos municipios de menos de 5000 ou 10000 habitantes. Así xa o propuxeron cando saíu todo o asunto do uso do superávit e dos remanentes.

Di que a ver se se explica ben, sen que se lle malinterprete. C's optou porque dentro da excepción deste contexto Covid, isto non sirva para utilizar todos os canais operativos para abordar eses fondos, pero o que non farán é unha causa xeral disto. Polo tanto, se ao PP non lle importa aclaralo, agradeceríallelo, antes de emitir o seu voto. Pregunta se eses fondos van ser propios, da Xunta, deputacións ou concellos, ou como dixo antes, se se refiren aos fondos Next Generation da Unión Europea.

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, di que por confirmar a pregunta que se lles fixo por parte da representante de C's, non teñen o dato de cal vai ser a participación, a orixe dos fondos por parte da Xunta de Galicia, se son Next Generation ou van ser fondos propios. O que trata esta moción é da creación dun fondo de cooperación por parte de dotas as Administracións, con esas participacións, con eses %, polo tanto, sexa tanto por un lado como por outro, o que se trata nesta moción é precisamente de crear ese Fondo de Cooperación Galego, que é o que se trae hoxe a pleno.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo manifesta que, despois da explicación do Sr. Abalo, dado que non queda claro cal vai ser a orixe dos fondos, o seu voto vai ser abstención.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe). Votan en contra os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), un concelleiro do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común). E abstéñense os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío

e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo, de C's).

Faise constar que no momento das votacións non é posible establecer conexión de vídeo co concelleiro do BNG don Brais Cubeiro Fernández, co fin de que manifieste o sentido do seu voto mediante signo convencional de asentimento, disentimento ou abstención, polo que, de conformidade co disposto no artigo 106.2 do Regulamento orgánico municipal, o seu voto computa como abstención.

O Pleno municipal, por catorce votos en contra, rexeitou a moción presentada polo grupo municipal do PP en apoio da creación dun fondo de cooperación galego Covid-19.

B) Moción do grupo municipal do BNG a favor da construción de sendas peonís e carrís bici no Concello de Cambre

Rexistrada de entrada ao núm. 999/376 o día 22 de xaneiro de 2021. Consta do seguinte teor literal:

“A Deputación da Coruña, cogobernada polo PSOE e BNG, impulsa, co apoio unánime do pleno, o coñecido como POS+ 2021, un plano de obras e servizos de carácter integral que supón unha asignación de investimento de 64.600.000 € para toda a provincia, incrementando amplamente os 47.200.000 € do ano 2020.

As citadas bases recollen como poden investirse estas cantidades, que no caso do noso concello ascende a un total de 1.047.134,58 € incluídas as partidas destinadas a servizos sociais.

A extensión dunha rede de sendas peonís seguras é un obxectivo histórico do noso concello, perseguido por sucesivos gobernos e corporacións, aínda non acadado, a pesares de ser unha demanda constante por parte da cidadanía

O dereito á mobilidade concrétese en primeira instancia na nosa realidade xeográfica, social e demográfica coa opción irrenunciábel de toda persoa a poder camiñar con seguridade dende as inmediacións do seu domicilio, podéndose comunicar autonomamente con veciños, servizos, núcleos de poboación.

A maiores, afortunadamente, a crecente conciencia ecolóxica da sociedade, así como a querenza polo deporte e actividade física e accesoriamente, polo lecer en familia fai cada vez máis necesaria a extensión dos carrís bici no noso termo municipal. O esforzo comarcal pola realización de carrís bicis transversais que comuniquen ás localidades da bisbarra ten que ter necesariamente o seu complemento no esforzo propiamente municipal por estender este tipo de infraestruturas ao conxunto do noso concello.

A necesidade de construír sendas peonís e carrís bici é polo tanto unha demanda cidadá que o concello debe atender, favorecendo ao mesmo tempo alternativas ao transporte privado e procurando o desenvolvemento das persoas nunha contorna máis humanizada e amábel, sobre todo nos pequenos núcleos de poboación das parroquias rurais, onde persoas de avanzada idade ou psicomotricidade reducida vense literalmente impedidos de realizar unha vida normal polo perigo obxectivo que representa o tránsito rodoviario.

As condicións derivadas da pandemia covid19 amosan tamén a necesidade de que, a presente e a futuro, desde as administracións se tomen medidas que favorezan que a xente poda moverse en condicións de seguridade incrementando os espazos habilitados para andar, realizar actividade física ou desprazarse con comodidade.

Por todo isto o BNG considera que é preciso establecer un plan que debería prolongarse nos próximos anos, consistente en destinar unha parte non inferior ao 10% do POS+ á construción de sendas e carrís bicis nos viarios de titularidade municipal, comezando por aquelas zonas onde se aprecia máis necesidade.

Por todo isto sométese á consideración do Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

O Pleno da Corporación acorda instar ao alcalde para que nas obras correspondentes ao POS+2021 se inclúa a construción de sendas peonís e/ou carril bici por un importe non inferior ao 10% montante global de investimentos que a Deputación asigna e este Concello para esta anualidade.”

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, concelleiro de UxC, expón que o grupo de goberno, aínda estando de acordo na xeneralidade da exposición de motivos, o que non pode é darlle o visto e praxe ao acordo proposto.

O POS 2021 foi aprobado no punto 1.4 do pleno anterior e, polo tanto, é un tema pechado, votado e finalizado neste momento. Polo tanto, van votar en contra por esas circunstancias, e ao ano que vén verán como se moven os fondos para este tipo de actuacións.

Concedida a palabra a don Raúl Varela Fraguío, voceiro de AV, manifesta que lles parece unha gran idea. Si que é verdade que como comentou antes o concelleiro Juan González Leirós, xa está aprobado o POS 2021, así que si sería boa idea poder recollelo para o ano 2022.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común, manifesta que, evidentemente, non ten nada en contra desta moción, e máis, todo o contrario. Efectivamente parécelle unha proposta interesante e necesaria, e cre que é parte da sensibilidade de todos eles ter esas sendas peonís e carrís bicis, que por outra parte ten vido en moitas ocasións a pleno, en anteriores lexislatura e en distintas formas, en mocións, rogos e preguntas.

Si é certo tamén, por outra parte, e non sabe se os compañeiros do BNG tiñan contemplado algún mecanismo que ela descoñeza, pero non ten moi claro se existe a posibilidade de facer esa modificación, ou en que termos se tiña pensado por parte dos compañeiros a inclusión dese %, dese 10% como mínimo de reserva do POS+, para poder construír as sendas peonís e carrís bicis no Concello de Cambre.

De todos os xeitos, EU-Son en Común tamén por un acto de xustiza, de solidariedade e de ser un asunto que é outro dos grandes asuntos pendentes no concello, independentemente diso votarán a prol.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo, concelleira de C's, primeiro quere felicitar ao BNG por esta moción. As sendas peonís son máis necesarias que nunca, sobre todo nos tempos nos que están, e calquera idea de promover e fomentar o seu desenvolvemento e a súa construción, dende logo que C's vaina apoiar.

Efectivamente o POS+2021, como dixo o concelleiro, aprobouse no pleno anterior, a moción veu despois da súa aprobación, pero iso non quita que despois se poidan producir baixas, ou non quita que o BNG poida no peche da súa seguinte quenda cambiar simplemente e en vez de POS+2021 poñer POS+2022, como dixo o voceiro de AV.

Polo tanto, di que o voto de C's vai ser a prol e gustaríalle que o Sr. Carballada buscara unha solución para que a moción puidese saír adiante, porque ao mellor o Sr. González Leirós, que non fixo mención a propoñer o 2022, pois estaría propenso a poder contemplalo para ese ano 2022.

Reitera que, polo tanto, o seu voto vai ser a prol.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que hai agora unha intervención máis por parte do BNG, que pediu a palabra e tamén está pedindo a palabra o concelleiro do PP. Pediríalles que pidan a palabra con antelación, para ir dando as quendas segundo a representatividade de cada un dos partidos políticos nesta Corporación. O Sr. Juan Abalo pediu agora a palabra, despois de que a pedira o resto e, polo tanto, pasan ao concelleiro do BNG, Brais Cubeiro, para que faga a súa intervención, e o Sr. Juan Abalo falará despois.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, do BNG, agradece as intervencións e en canto á proposta da concelleira de C's, María José García Hidalgo, recollen esa proposta e poden modificar o acordo e poñer para as obras correspondentes ao POS+ 2022, se a todos lles parece axeitado.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que, pola parte do Goberno, adiántalle que non van votar a prol da moción, aínda que se cambie para o ano 2022.

Di que no 2022 non saben o tipo de investimento que lles vai dar a Deputación no POS e, polo tanto, cre que non toca neste momento facer unha moción con algo, cando non saben aínda o que vai pasar no ano 2022.

Polo tanto, conclúe que o Goberno vai votar en contra da moción.

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, coincidindo cos compañeiros do resto da oposición, vían precisamente que o PP é favorable a esta moción polo espírito que se infire nela, pero si é certo que o acordo fai referencia ao POS+ 2021 que, efectivamente, como dixo o concelleiro de Urbanismo, xa está aprobado, co cal atopábanse un pouco entre a espada e a parede.

Se ben é certo que apoian a construción desas sendas e carrís bicis, por outro lado xa estaba aprobado o POS+ e non sabían moi ben, como dixeron tamén os compañeiros da oposición, se é que había algunha fórmula arbitrada para poder aplicalo a este ano 2021. Se ben é certo que con esa modificación que acaba de mencionar o concelleiro Brais Cubeiro, de modificar o acordo para o ano 2022, cre que as dúbidas xa están resoltas. Se é así, o PP pasaría da abstención a votar a prol.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que, tal e como se dixo, el aquí é un voceiro, isto está claro, un voceiro do equipo de goberno, non é o que decide. Di isto polas palabras da concelleira María José García Hidalgo.

Dille que el cre que hai un ano para valorar este tipo de cuestións, e teñen moito tempo para sentarse á mesa, e por suposto non só depende da Deputación e das subvencións que lles dá Deputación. Polo tanto, invítaos a sentarse a valorar estas cuestións e a tratalas o ano que vén.

Conclúe dicindo que o equipo de goberno vai votar que non, polo xa exposto.

Sométese o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, coa modificación da proposta de acordo, a cal queda redactada do seguinte teor literal:

“O Pleno da Corporación acorda instar ao alcalde para que nas obras correspondentes ao POS+2022 se inclúa a construción de sendas peonís e/ou carril bici por un importe non inferior ao 10% montante global de investimentos que a Deputación asigna e este Concello para esta anualidade.”

Votan a prol os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's). Votan en contra os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei).

O Pleno municipal, por doce votos en contra, rexeitou a moción presentada polo grupo municipal do BNG a favor da construción de sendas peonís e carrís bici no Concello de Cambre.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Este punto non foi utilizado.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Fóra da orde do día, o Sr. alcalde propón declarar a urxencia conxuntamente, se a todos lles parece ben, ou se queren nalgún caso motivar a urxencia, das dúas mocións do BNG e tres de EU-Son en Común. Propón votar a urxencia das cinco, en principio, e calquera grupo que queira intervir ou agardar a que motiven as mocións, non teñen ningún tipo de problema.

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, manifesta a dúbida que teñen dende o Partido Popular sobre se antes de pasar a votar a urxencia, se non sería preceptivo xustificar esa urxencia, como se fai sempre nos plenos ordinarios, e como o Sr. alcalde sempre lles reclama e ben reclamado que xustifiquen a urxencia.

Non saben se existe esa obriga legal de xustificar a urxencia de cada unha das mocións e con posterioridade proceder á súa votación.

O Sr. alcalde explica que o facían simplemente co fin de axilizar, vendo que xa tiñan as mocións dende moito antes do xoves pasado pero, evidentemente, se o Sr. Abalo quere que primeiro se xustifiquen, non teñen ningún tipo de problema en que se xustifiquen primeiro as cinco mocións e logo pasar ás votacións, como o Sr. Abalo decida.

Don Juan María Abalo Castex manifesta que non é decisión do seu grupo, se a señora secretaria non pon ningunha obxección, eles dan por bo o criterio da señora secretaria, nada máis.

O señor alcalde manifesta que neste caso non pon ningunha obxección.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común, manifesta que a ela, se lle permiten, vai xustificar a urxencia das tres en conxunto e moi brevemente.

Di que dende EU traen tres mocións, procurará que a súa presentación sexa o máis breve posible, pero si traen tres mocións a este pleno porque consideran que son tres temas importantes e urxentes na medida que queiran velo.

Unha delas, e entenden que é a máis urxente, é unha moción para incluír como grupo prioritario no plan de vacinación ás traballadoras de axuda a domicilio. Certo é que non é un asunto competencia do Pleno, como falaban hai un instante, pero si que é un asunto que lles afecta en Cambre e entende que en todos os concellos, e por iso quería xustificar a urxencia na presentación desta moción.

A segunda tampouco é un tema competencia do Pleno, asunto si, unha moción para a regulación do prezo da electricidade. Evidentemente non parte do Concello de Cambre, pero tamén é certo que o impacto da suba da luz, sobre todo no prezo voluntario para o pequeno consumidor afectou a moitas das nosas veciñas e veciños, por iso entenden que tamén é importante debatela e votala en pleno.

En terceiro lugar, un tema do que falaban non hai demasiado tempo, é unha moción en relación á necesaria, entenden dende EU, e urxente, baixada de ratios en Educación para garantir unha educación segura e inclusiva,

algo que levan defendendo dende hai moito tempo desde EU, pero que agora, nos tempos que corren e coas carencias que tamén nos centros de Cambre están experimentando, igual que no resto do territorio nacional, entenden que tamén é un asunto a poñer enriba da mesa en relación á necesaria baixada de ratios.

Toma a palabra o Sr. alcalde e descúlpase porque igual tiña razón o PP e os que traen as mocións podían ter pedido a palabra e xustificar antes, simplemente o fixeron un pouco para axilizar, nada máis, e como vén sendo costume nestes plenos urxencia vótase sempre a prol.

Votan a prol da urxencia os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o integran, aprobou a declaración de urxencia das mocións seguintes mocións:

- Moción presentada polo grupo municipal do BNG para a mellora e dignificación da axuda alimentaria ás persoas usuarias dos Servizos Sociais do Concello de Cambre
- Moción presentada polo grupo municipal do BNG para a elaboración dun protocolo de prevención e actuación diante da Covid-19 na atención domiciliaria dos Servizos Sociais do Concello de Cambre
- Moción presentada por EU-Son en Común para incluír como grupo prioritario no plan de vacinación ás traballadoras de axuda a domicilio
- Moción presentada por EU-Son en Común sobre a regulación do prezo da electricidade
- Moción presentada por EU-Son en Común en defensa dunha baixada de ratios en Educación para garantir unha educación segura e inclusiva
- Educación para garantir unha educación segura e inclusiva

Cando son as vinte e unha horas e trinta minutos, antes de comezar a lectura da primeira moción, auséntase da sesión do Sr. alcalde e asume a presidencia o primeiro tenente de alcalde, don Juan González Leirós.

O señor alcalde reincorpórase ás vinte e unha horas e trinta e cinco minutos, durante a lectura da moción polo voceiro do BNG, don Daniel Carballada Rodríguez.

A) Moción do grupo municipal do BNG para a mellora e dignificación da axuda alimentaria ás persoas usuarias dos Servizos Sociais do Concello de Cambre

Rexistrada de entrada ao núm. 999/380 o día 22 de xaneiro de 2021. Consta do seguinte teor literal:

“O pasado mes de decembro foron citados polo Concello de Cambre diversos veciños usuarios dos Servizos Sociais municipais para recoller unha caixa de produtos alimentarios característicos do Nadal. Ao acudir ás dependencias públicas da Barcala, varios usuarios que acudiron á cita o sábado 19, atopáronse con que era un membro do goberno local quen facía entrega da devandita caixa, entregando tamén, a título persoal, un par de produtos alimentarios a maiores.

Non parece o máis apropiado citar á xente un sábado, cando (como así nolo teñen manifestado os citados veciños) non hai transporte municipal. Menos axeitado parece perpetuar no tempo unha práctica que puido ter certo sentido, e dende logo boa intención, na súa xénese, pero resulta totalmente extemporánea no momento presente: a cidadanía usuaria dos

servizos sociais non debe recibir esmolas, caridades ou agasallos na época de Nadal en forma de cestas ou caixas con produtos alimentarios. A xente ten que recibir a axuda precisa para, polo mecanismo que se considere, acceder no mercado libre, como o conxunto da sociedade, a eses produtos con igual dignidade e oportunidade.

Igualmente non resulta de recibo que sexa un cargo político quen faga entrega desta (ou doutra) axuda, tendo como ten o Concello de Cambre persoal propio capacitado laboralmente para realizar esta función e aínda a maiores podendo chegado o caso, externalizar o servizo, garantindo sempre non só as preceptivas cláusulas de confidencialidade e protección de datos senón a dignidade que como cidadanía merecen as persoas receptoras das políticas sociais municipais. En remate, a entrega por parte dun cargo público dunha axuda alimentaria persoal a veciños de Cambre retrata unha concepción patrimonialista e partidista dos servizos sociais municipais impropia dun Estado democrático e avanzado, social e de dereito. O anonimato na doazón desvestiría esta acción de calquera indicio de interese político: tan doado como utilizar a despensa municipal para efectivizar este tipo de contribucións á xente que o precisa.

Tendo finalmente presente que chove sobre mollado, que en plena época de pandemia, non é a primeira vez que en Cambre se producen actuacións irrespectuosas cos nosos propios veciños nunha área tan sensíbel como é a dos Servizos Sociais, achegamos á corporación municipal a proposta de adopción do seguinte **ACORDO**:

- 1.- Eliminar as coñecidas como “cestas de Nadal”, garantindo para as persoas merecentes dunha axuda alimentaria extraordinaria en época de Nadal a oportuna asignación económica para poderen acceder a ditos produtos no circuíto comercial habitual.
- 2.- Garantir que os cargos políticos do Concello de Cambre non realizarán a entrega de axudas (económicas, materiais ou alimentarias) á cidadanía de Cambre.
- 3.- Mellorar a información pública sobre o concorrencia e concesión de axudas puntuais no ámbito dos Servizos Sociais.”

Concedida a palabra a dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que vai aclarar as difamacións que sobre o proxecto de benestar social se están vertendo na exposición de motivos desta moción, así como na nota de prensa asinada polo grupo político do BNG o día 8 de xaneiro do 2021.

En primeiro lugar, ata onde consta no departamento, este proxecto repítese no tempo, como mínimo dende finais dos anos 90. A súa elaboración partiu dos técnicos e técnicas de Benestar Social, como deberían saber todos os grupos políticos desta Corporación que tiveron competencias na área de Servizos Sociais. É máis, por se descoñecen ese dato, dilles que cando o BNG tiña as ditas competencias na lexislatura 2003-2007, as cestas non se realizaban por contrato, como se fixo neste caso, senón por doazón íntegra dunha empresa privada. Pero agora o Sr. Carballada cualifica isto de patrimonialista, caciquil e paternalista.

Di que non sorprende este cambio de actitude, pois o señor concelleiro é un expoñente da máxima de Groucho Marx de “estes son os meus principios, se non lle gustan teño outros”, que lle fan ver a palla en proxecto alleo e non ver a viga nas merendiñas propias.

Sen entrar a valorar tempos pretéritos, di que pasa a dar as oportunas explicacións sobre este proxecto que se levou a cabo en dúas fases, e sobre o cal o BNG está a formular unha serie de dúbidas.

En primeiro lugar, as doazóns voluntarias de funcionarios, funcionarias e parte de grupos políticos desta Corporación, a cal tivo unha grande aceptación, e dá as grazas a todas e todos eles.

En segundo lugar, adquirense cestas para completar esas doazóns. O motivo desas adquisicións é evidente, e queren deixar constancia de que o ano pasado non foi necesario, xa que o número de unidades familiares era moito menor que as deste ano, e coas doazóns foi suficiente.

Para esta última acción tramítase un contrato menor, cun informe de necesidade, asinado por un técnico de benestar social, e sen ningún tipo de obxección de legalidade. Esas cestas foron recibidas, unha parte o xoves 17 pola tarde, e o resto o venres 18 pola tarde, tendo que estar repartidas todas elas antes do xoves 24.

Di que ás persoas citadas para o sábado avisóuselles o mércores 16 e non tiveron ningunha comunicación de imposibilidade de achegarse á Barcala, pero aínda así, calquera persoa que non puidese acudir o día e á hora establecida polo departamento, déuselles a opción de recollela outro día ou noutra franxa horaria.

As listaxes dos beneficiarios das cestas foron elaboradas polas traballadoras sociais con base no coñecemento que teñen das persoas usuarias, e en ningún caso esas listas foron influídas por ningún elemento político como en tempos pretéritos.

Sobre este punto quere facer un inciso. Na exposición de motivos, así como na nota de prensa, dan a entender que esas cestas se dan por criterio político. Esas insinuacións deixan entrever a pouco ou nula profesionalidade e criterio das técnicas e técnicos do Departamento de Benestar Social, por iso solicita unha aclaración e desculpas públicas a eses técnicos e técnicas que parece que son invisibles na situación na que se vive debido a que só se fala de sanitarios e corpos de protección e seguridade. Grazas ao labor, implicación e gran profesionalidade dos técnicos e persoal do Departamento de Benestar Social preto de 300 unidades familiares de Cambre foron asistidas durante todo o ano 2020, e seguen estando en primeira liña sen descanso.

Explica que para a repartición das cestas fixéronse oito quendas por parte dos funcionarios e funcionarias, para poder establecer todas as medidas de prevención fronte a covid-19, que foron a de situar o lugar no local sociocultural da Barcala, con espazo suficiente e ventilado, a maiores de que está próximo ao departamento; e citar as persoas usuarias cada 10 minutos, para evitar aglomeracións, e con xel hidroalcolíco, tanto na entrada como no interior do local.

Habendo quendas que por conciliación e vacacións non se podían cubrir, ofreceuse como voluntaria, como unha máis do equipo, para colaborar e, segundo a exposición de motivos do BNG, din que só estaba ela entregando as cestas o sábado día 19....

Intervén o señor alcalde para pedirlle que vaia rematando.

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez continúa dicindo que iso é falso, debido a que estaba acompañada. Entón atópanse ante unha falsidade, porque se ela tivese querido vender esa acción, estaría presente en todas as quendas.

Di que en ningún momento se identificou como concelleira, nin como membro de ningún partido político, simplemente entregou as cestas e máis as bolsas con doazóns, as cales si que foron identificadas como doazóns de funcionarios do Concello de Cambre, co mesmo protocolo establecido para todas as quendas de entrega.

Co cal, tanto a referencia desta moción como a nota de prensa é mentira. A maiores, sobre a referencia partidista ou de interese político deste proxecto é demagogia, á cal este equipo de goberno xa está afeito, debido a que non se realiza a dous días do comezo da campaña electoral municipal.

O señor alcalde reitera que debe rematar coa súa intervención.

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez manifesta que xa que ten que rematar, e aínda que simple e sinxelamente lle quedan algunhas cousas por dicir, pero con todo isto a votación do equipo de goberno será en contra.

Concedida a palabra a dona María Jesús González Roel, concelleira do PP, manifesta que despois de ter escoitado á concelleira de Servizos Sociais parécelle que menos desculpas dixo de todo.

Di que aquí ninguén está censurando o sistema que se estaba utilizando de reparto de cestas, que pode ser mellor ou peor, que tivo no seu momento unha razón de ser. O que se está cuestionando aquí é que unha

política, unha persoa política estea repartindo as cestas do Nadal. Iso non se fixo xamais, nunca. Foi un reparto feito polos funcionarios, e sempre tiveron quenda de vacacións, nunha época e noutra.

Ademais, tamén está a despensa municipal para poder realizar ese servizo. A despensa municipal está facendo un labor, é onde se levaron todas as doazóns de todas as asociacións de Cambre e de todos os grupos que quixeron colaborar, e dende alí se fai o reparto, sempre feito por voluntarios, persoas alleas, con informes do departamento, pero totalmente alleas á xestión política e aos que desde aquí quere mandar un saúdo moi forte, a todos os voluntarios da despensa municipal de Cambre, polo gran labor que están facendo, altruísta e sen fotos e sen protagonismo.

Parécelle mentira que unha política, en vez de escusarse, porque foi un erro, e xa non é o primeiro, iso é o máis grave, que xa non é o primeiro erro, porque xa cando foi o reparto da pandemia, xa se lle dixo o mesmo, que unha política non debe identificar a ningún usuario que nestes momentos teña a necesidade de acudir ao Departamento de Servizos Sociais.

Conclúe dicindo que o voto do PP vai ser favorable a esta moción.

Concedida a palabra a don Raúl Varela Fraguío, voceiro de AV, manifesta que eles non se van meter a avaliar o traballo dos técnicos, do persoal de Servizos Sociais, aos cales de feito apoian, pero si que é verdade, como ben dixeron os compañeiros, que non é a primeira vez que se ve ese falso voluntariado por parte da concelleira, e os servizos sociais son un servizo público e un dereito fundamental, non é unha caridade.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común, di que en primeiro lugar insistir, unha vez máis, que xa ten ocorrido en máis ocasións que cando calquera dos grupos presenta unha moción en relación cunha mala actuación, ou cunha cuestionable actuación dun membro do equipo de goberno, ou varios, unha das saídas cara adiante é falar dos técnicos. E na moción non se pronuncia nin unha soa palabra respecto do traballo, da xestión, da dilixencia, e menos na área de Benestar Social, do equipo do Concello de Cambre, todo o contrario.

Por outra parte, cando calquera dos membros da Corporación, que cada un vén dun sector distinto, dunhas experiencias diferentes, efectivamente, cando chegan a un cargo público normalmente poden meter a pata, confundirse, así o fan, incluso levando moito tempo o seguen a facer, di que empezando por ela mesma, que segue a confundirse cada día, pero si é certo que se procura aprender dos erros.

Neste caso tampouco lle gustou moito a intervención da concelleira, e menos o ton no que o fixo. Non é a primeira vez que ocorre, por iso dicía que ao principio se poden equivocar, pero cando unha equivocación, ademais recriminada, como foi aquela famosa aparición televisiva, dando bolsas diante de domicilios que podían verse perfectamente identificados, que era absolutamente inapropiada e fóra de todo lugar, e que lle foi afeada, podíase ter en conta que por ser novata, e vanlle permitir esa expresión porque ela tamén o foi, pois ben, que fora algo inconsciente.

Cando se reproduce esa mesma práctica pasa de ser unha falta de experiencia a unha forma de traballo, que é o que menciona, acertadamente dende o seu punto de vista, a moción do BNG.

Por outra parte, a ela gustaríalle facer unha pregunta directa á concelleira. É unha pregunta non con ánimo de cuestionar, senón con ánimo de resposta, si ou non. Ao seus oídos chegou a información de que da súa parte a señora concelleira entregou, a parte das cestas, un ou dous produtos, neste caso turróns, como prebenda ou regalo da súa parte, persoal. Gustaríalle saber se iso é certo, porque cos usuarios fálase e existen informacións dese día, concretamente do sábado 19 de decembro.

E gustaríalle facerlle unha segunda pregunta, que persoas ou persoas, técnico ou técnicos a acompañaban o sábado día 19 na entrega das cestas.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo, concelleira de C's, manifesta que a ela tamén lle gustaría formular unha pregunta á concelleira da área, sobre que criterios se seguiron para o reparto das cestas de Nadal que houbo na Barcala. Concretamente vai ir a un caso, houbo unha persoa, usuaria dos Servizos Sociais, unha persoa que con moito traballo chegou nun andador ata alí, simplemente porque lle dixeron que se estaban repartindo cestas na Barcala. Achegouse ata alí e díxoselle que non se lle daba a cesta porque non estaba na lista.

Di que non sabe que lista era esa e por iso pregunta que criterios son eses. E tamén sobre a falta de sensibilidade que houbo con esa persoa, porque foi ata alí e se lle deu esa contestación tan seca, e esa persoa, cos seus propios medios, tivo que volver. Xa lles di que é unha usuaria que realmente o necesita, e tivo que volver sen nada, pero tampouco houbo a sensibilidade de dicirlle que iso ía mediante unha lista, que o sentían e que intentarían achegarlle ata a súa casa algún outro produto que tiveran, ou algo similar.

Reitera que lle pareceu unha falta de sensibilidade moi grande, e por iso pregunta que criterios se seguiron para o reparto das cestas de Nadal, polo menos as que se repartiron na Barcala, e que requisitos había que cumprir para estar nesa lista.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que reitera dende o primeiro ao último punto da moción. Consideran, ademais, total e absolutamente desafortunada, desatinada e fóra de lugar a resposta que vén de ofrecer a concelleira de Servizos Sociais, que estaba ademais perfectamente escrita, o cal, dende o seu punto de vista, engádelle un punto de inconsciencia, porque engade o agravante de premeditación nunha resposta total e absolutamente extemporánea e fóra da realidade. Porque a pesar de tela por escrito, parece que a concelleira non leu o contido da moción.

Expón que o que o BNG di, de maneira clara, é que esta iniciativa puido ter todo o sentido do mundo no seu momento, e que dende logo é ben intencionada, pero como grupo de esquerdas que é o BNG, como grupo que defende unhas posicións progresistas, trasladadas tamén ao ámbito dos servizos sociais, entenden que a día de hoxe, ano 2021, a administración pública non ten que agasallar cestas de Nadal aos usuarios de Servizos Sociais.

O que ten que facer é darlles a través dos mecanismos que hai, sexa en cheques de produto, cheques de pedido ou en cartos en efectivo, os recursos necesarios para eles poder comprar, e despois, obviamente, xustificar os produtos de Nadal como se foran unha persoa máis, en pleno plano de igualdade, non como podía ser, efectivamente, hai 20, hai 30, hai 40, hai 50 anos, que o que se practicaba nas administracións públicas era a esmola, era a caridade.

Eles cren nuns servizos sociais moito máis avanzados, moito máis progresistas e, dende logo, moito máis igualitarios e que tenden a dignificar aos usuarios, aos cidadáns usuarios deses servizos.

De ningún modo o BNG cuestiona a legalidade do procedemento empregado, críticano. Críticano politicamente, o fan, así o entenden, con contundencia, pero tamén o di, con total e absoluta educación. Se eles tiveran algunha dúbida de legalidade sobre o procedemento desenvolvido, que non lles gusta politicamente, sen dúbida terían ido á xustiza, sen o menor indicio de dúbida.

A maiores, di que lles produce hilaridade, prodúcelles un sorriso, case que dirían unha gargallada, que a concelleira tente enfrontar ao BNG e ao seu grupo municipal cos técnicos, co persoal funcionario de Servizos Sociais.

Vaillou explicar dunha maneira moi sinxela, para que incluso a concelleira poida entendelo. Dille que esta é unha cuestión política. Se ela politicamente, que está no Goberno, que é tenente de alcalde, que participa da Xunta de Goberno, di, manifesta, leva adiante unha proposición tan sinxela como dicir que en Cambre se acabaron as cestas de Nadal e que a partir de agora van dar recursos económicos aos usuarios de Servizos Sociais para que accedan aos produtos específicos do Nadal nunha época tan sinalada, este problema morre en cinco minutos.

A el gustaríalle saber se ela ten, por exemplo, algún tipo de documento, e fala de documento, loxicamente sede electrónica, porque se non as palabras lévaas o vento, que acredite iso que dixo de que non había funcionarios dispoñibles ese sábado 19 de decembro para entregar eses produtos, porque o Concello de Cambre ten perfectos profesionais capacitados para facer ese traballo, excluindo calquera indicio de significado político. Dende persoal propio de Servizos Sociais a, por exemplo, un corpo marabilloso e estupendo de conserxes que perfectamente podería realizar ese labor.

O BNG non dixo que as listas fosen redactadas con motivos políticos, nin o dixeron, nin o deixaron ver. Se ela o interpretou así, el aplica o vello adagio latino de *“excusatio non petita, accusatio manifesta”*. O que si din é que ela foi alí a facer política, e que ningún político ten que entregar axudas de servizos sociais. Iso dixérono aquí e dixérono en calquera outro foro e diante de quen sexa.

É unha cuestión moi sinxela, eles no BNG defenden unha postura moi clara, que se plasma en tres puntos moi facilmente acordables polo conxunto da Corporación. Un, eliminar as cestas e dar axudas económicas a quen o precise. Dous, garantir que cargos públicos non entreguen este tipo de axudas, tan sinxelo como iso. Ela é concelleira de Servizos Sociais, é tenente de alcalde, ela non debe entrar en contacto directo nunha área tan sensible como esta coa cidadanía de Cambre. E o terceiro punto algo tan sinxelo, no que todos poderían estar en boa lixe cun mínimo de raciocinio e acordo, como é mellorar a información pública.

Continúa dicindo que dentro da súa linguaxe, a concelleira tivo a ben comparalo con Groucho Marx. El a verdade tómao como un cumprimento, e como un cumprimento agarda que entenda ela a súa comparación, tendo en conta que ela no exercicio do cargo, de socialista, de persoa de esquerdas....

O señor alcalde intervén para pedir ao concelleiro que vaia rematando a súa intervención.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que remata xa, e dille a Sra. Lúa Sanguñedo que con esa actitude, con esa maneira de proceder, con esas aparicións en *‘La Sexta’*, diante de xente que utiliza os Servizos Sociais, a ela o que lle falta é un colar de perlas para ser Carmen Polo de Franco.

Concedida a palabra a dona Lúa Sanguñedo Álvarez, explica que sobre o tema das listaxes xa o dixera na súa primeira intervención, fixéronas as traballadoras sociais do departamento de Benestar Social, e son persoas usuarias da partida de emerxencia social e despensa municipal.

Tamén unha das preguntas que lle facía dona Olga Santos era se estaba acompañada e por quen. Dille que era un funcionario do Concello de Cambre que estaba facendo tamén ese labor.

Sobre a intervención do BNG, dicir sobre os puntos do acordo que xa se fixeron esas melloras nas asignacións, xa que no pleno do 25 de xuño, no punto 2.17 xa aparecía a modificación da ordenanza. As melloras que estaban reflectidas son as seguintes: de 6 vales anuais pasaron a 12 vales anuais; revisouse o cómputo de ingresos para que fose máis equitativo segundo o número de membros da unidade familiar; non serán aplicables os límites as contías de axudas económicas destinadas ao aboamento do recibo de subministración, así como para o pago do alugueiro que impida o procedemento de desafuzamento por falta de pagamento; e a simplificación da tramitación para facilitar a solicitude ás persoas solicitantes e acurtar prazos.

Sobre a mellora da información pública, di que, por unha banda, os contratos que se realizan dende o departamento de Benestar Social son públicos e teñen total accesibilidade a calquera deles, e tamén teñen a súa total dispoñibilidade por se queren ter máis información ou resolver calquera dúbida.

E por outra, axudas puntuais. Di que xa se comunican tanto en redes sociais, páxina web, no concello e nos medios de comunicación escrita.

Falaron tamén do tema da falta de discreción e todo o demais. Di que as fotos non foron feitas nin por ela, nin polo Goberno. Dende o Goberno non fan ningún tipo de publicidade, a publicidade faina o BNG coa nota de prensa, coa a discreción foi así.

Tamén falar do tema de *'La Sexta'*, famosa tamén nota de prensa e o vídeo de *'La Sexta'*. Explicouse por nota de prensa, por parte do equipo de goberno, o que tiña acontecido, pero dilles que non aparecía ninguén, non se vulnerou a imaxe de ninguén. Aparecían os edificios, pero non aparecía nin o número do edificio, nin o iso ao que se chama simuladamente, nin nada. Si se chama ou non se chama, ela non facía entrega de ningunha bolsa, co cal a vulnerabilidade do dereito á intimidade que ela saiba non se podía facer a un cidadán anónimo.

Conclúe dicindo que ao concello non chegou ningunha queixa e ningunha denuncia por esta famosa vulnerabilidade do dereito á intimidade.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López manifesta que quere facer varias puntualizacións. Vólvelle a preguntar, e dille á concelleira que lle queda unha oportunidade para negalo, preguntalle se deu algún produto pagado do seu peto, se lles dixo aos usuarios "isto vai da miña parte", tabletas de turrón concretamente. O feito de non negalo agora mesmo déixao nun si. Quédalle unha oportunidade para desmentir esa afirmación que lle lanza.

Despois dixo que non fan publicidade, e preguntalle que máis publicidade hai que, nun sector, con persoas, con familias cunha vulnerabilidade, de todo tipo, vulnerabilidade económica, vulnerabilidade social, vulnerabilidade enerxética, vulnerabilidade de todo tipo, alguén entregue algo diante da casa de quen sexa. E preguntalle se ela cre que vai ter algún tipo de denuncia, algún tipo de pulso por persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade. Xa llo di ela, non, a resposta é non.

En moitos casos como existe medo, existe pavor a que nun determinado momento un enfrontamento con alguén poderoso poida poñer en risco pois, ao mellor, unha axuda de aluguer. E, en moitos casos, a concelleira igual non o sabe, ela afortunadamente tampouco, estar en situación de vulnerabilidade faite moitísimo máis débil que unha persoa que está en situación de poder. Iso sábeno todos, non lle está explicando nada novo.

Despois falou a concelleira de que non se ve o número. Dille que isto non é Madrid, isto é Cambre, e se ela sae diante da casa do alcalde, por exemplo, en *'La Sexta'*, preguntalle onde van pensar que vai, pois á casa do alcalde. Todo o mundo coñece as casas, todo o mundo sabe quen vive, onde se vive, e esa aparición da concelleira foi absolutamente estigmatizante e sinalante, así de claro llo di.

E despois outra cousa. Ela pode entender que a concelleira estea en contra da exposición de motivos, pero si lle gustaría que, facendo uso do seu cargo, lle explique de cal dos tres puntos, ou se dos tres está en contra. Porque da exposición de motivos pode entendelo, pero de substituír cestas por capacidade de comprar os produtos do Nadal, de formalizar un protocolo e de que sexan os concelleiros os que non acudan a esa entrega, como manda calquera manual de boa conduta, preguntalle se lle pode explicar o equipo de goberno de cal deses tres puntos, ou dos tres, por que están en contra.

Reitera, non fala da exposición de motivos. Aquí xa teñen explicado moitas veces que unha cousa é a exposición de motivos, que é o que motiva a un grupo a levar a expoñer algo, e outra cousa é a toma de acordos, e o que se vota é a toma de acordos. Pide por favor que expliquen iso.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo manifesta que a resposta que deu a señora concelleira ás súas preguntas foi que as listas as fixeran os funcionarios, pero dille que ela non lle preguntou quen as fixera, preguntoulle con que criterios.

Todos saben que repartir cestas de Nadal gratis nunha rúa, ben sexa para os usuarios de Servizos Sociais, nun local, é un reclamo. Nun sitio como A Barcala, se os usuarios de Servizos Sociais que residen alí teñen coñecemento de que se están repartindo cesta aos usuarios dos Servizos Sociais da Barcala, loxicamente é normal que vaian alá. Por iso pregunta que criterios se fixaron para elixir a esas persoas. E se están a facer o reparto no local de Servizos Sociais na Barcala, que menos que contar cos usuarios dos Servizos Sociais da Barcala.

Xa lle di, descoñece os criterios, pero, dende logo, a persoa que foi ata alí nun andador, pasando apuros e da forma máis inocente, era unha persoa usuaria dos Servizos Sociais.

A verdade é que un se pregunta se hai usuarios que o merecen máis que outros. A xente quédase atónita ante as actuacións deste Goberno que máis que unha axuda social aquilo parecía unha rifa aos amigos. Sinceramente, non se pode facer un reparto de cestas de Nadal desa forma e, sobre todo, nun sitio onde hai outros usuarios que non entenden cal é ese reparto que se fai.

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que pediu a palabra o concelleiro de AV, pero, como dixo antes, hai que pedila moito antes, cando teñan que intervir, para poder seguir a orde da representatividade que ten cada grupo neste pleno. Non pode pasar EU, logo pasar C's e logo pedir a palabra AV. Di que o sente moito, pero non lles vai dar a palabra, e tampouco á concelleira Lúa Sanguñedo, que a está pedindo. Tivo dúas intervencións e cre que iso é máis que suficiente.

Simplemente dicir que poden estar de acordo, e el como alcalde pode estar de acordo en estudar a supresión das cestas do Nadal, teñen un ano agora para estudalo, para consensualo, para intentar chegar a acordos respecto diso. O que non pode é estar de acordo en canto ao punto segundo, respecto dos cargos públicos. Os cargos públicos realizarán as entregas e farán os traballos que estimen oportunos en cada momento, que ademais para iso os puxeron aí.

E tamén contestarlle, simplemente, ao voceiro do BNG. Dille que igual a Carmen Polo a ten el na súa propia casa, que mire dentro da súa organización.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's). Votan en contra os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei).

O Pleno municipal, por doce votos en contra, rexeitou a moción presentada polo grupo municipal do BNG para a mellora e dignificación da axuda alimentaria ás persoas usuarias dos Servizos Sociais do Concello de Cambre.

B) Moción do grupo municipal do BNG para a elaboración dun protocolo de prevención e actuación diante da Covid-19 na atención domiciliaria dos Servizos Sociais do Concello de Cambre

Rexistrada de entrada ao núm. 999/379 o día 22 de xaneiro de 2021. Consta do seguinte teor literal:

“O pasado 12 de xaneiro ás 16:30 unha persoa residente en Cambre era trasladada ao CHUAC en ambulancia logo de ter dado positivo en Covid19. Días antes do seu ingreso hospitalario, esta persoa, usuaria do servizo municipal de axuda domiciliaria viu como a súa habitual auxiliar de axuda a domicilio era substituída por unha nova persoa, recibindo por toda explicación que a persoa auxiliar habitual estaba de baixa, sen especificar de ningún xeito cales eran os motivos da dita indisposición laboral.

Días despois, esta persoa usuaria do servizo de asistencia domiciliaria recibiu unha chamada no seu teléfono móbil dun rastreador do Sergas, na que se lle comunicou que a persoa que viña realizando habitualmente o devandito servizo de axuda no seu fogar ata hai uns días dera positivo en coronavirus e que debía realizar coa máxima preza a preceptiva proba covid. Sendo unha persoa sen vínculos familiares achegados, de avanzada idade, con numerosas patoloxías entre as que sobresaen pola súa gravidade unha enfermidade neurodegenerativa que condiciona a súa mobilidade e capacidade cognitiva, o resultado positivo en covid19 provocou a súa inmediata hospitalización, que se prorrogou durante varios días chegando a requirir coidados intensivos durante varias xornadas.

A maiores da tardanza en recibir a comunicación do positivo da persoa que a atendía no seu fogar prestando un servizo municipal, esta persoa, pola súa casuística vital, usuaria recorrente dos servizos sociais municipais, non recibiu en todo este tempo, logo de ver a súa vida en serio perigo, UNHA MÍSERIA CHAMADA TELEFÓNICA POR PARTE DO CONCELLO DE CAMBRE.

Á vista do exposto fica irrefutablemente claro que, de existir algo parecido a un protocolo de prevención e actuación diante da Covid19 nos Servizos Sociais do Concello de Cambre e nomeadamente no seu servizo de atención domiciliaria, ou é papel mollado ou é manifestamente mellorábel.

Cada canto realizan probas de covid19 (se é que as realizan) as persoas que prestan este servizo e que están de xeito recorrente con persoas de idade avanzada? Como se realizan as comunicacións en caso de positivo? As persoas traballadoras cumpren os protocolos de confinamento por contacto con positivos? Que control efectivo ten o Concello sobre o funcionamento, en circunstancias tan especiais, deste servizo? Ten constancia o Concello dos positivos causados por persoal traballador deste servizo?... Son moitas as preguntas, as dúbidas razoables que a cidadanía de a pé e os representantes públicos albergan sobre unha cuestión de vital importancia.

O certo é que non hai nin sequera un ano que a covid19 chegou as nosas vidas, modificando radicalmente hábitos, rutinas e pautas de funcionamento en todos os ámbitos da acción humana, tamén nunha cuestión tan sensible como a atención domiciliaria. Pero certo é tamén que máis de 10 meses son tempo máis que suficiente para pautar (e executar) debidamente o proceder público á hora de concretar a atención social no fogar no presente contexto pandémico. É por todo isto que propoñemos á corporación municipal, a adopción da seguinte proposta de **ACORDO**:

O Pleno da Corporación comprométese á elaboración dun protocolo de prevención e actuación diante da Covid19 na atención domiciliaria municipal.”

Concedida a palabra a dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que, antes de empezar con esta moción, por alusións, quere dicir unha cousa sobre a anterior moción, sobre o que dixo a concelleira Olga Santos.

Primeiro pedirlle desculpas, porque é verdade que non lle contestou á pregunta que fixo, porque tamén xa o dixera na súa primeira intervención, en ningún momento se identificou como concelleira e en ningún momento deu unha bolsa conforme que era ela a que daba os produtos, non. É máis, as bolsas fixéronas os funcionarios do departamento de Benestar Social, en función dos membros da unidade familiar. As bolsas xa estaban feitas, simplemente era acompañar das doazóns de funcionarios, funcionarias e cargos políticos da Corporación ou militantes destes grupos políticos.

Agradece ao señor alcalde por deixala falar.

Continúa dicindo en canto a esta moción, que segundo a exposición de motivos, trala descrición de acontecementos dunha persoa usuaria do servizo de SAF, e despois de falar sobre o tema do protocolo, debe dar a seguinte información: Toda comunicación da empresa coa persoa usuaria faise presencialmente, por vía telefónica e por wassap, e deberá comunicar por escrito, o máis axiña posible, e en todo caso nas 24 horas seguintes, calquera incidencia no desenvolvemento da prestación ao departamento de Benestar Social, especificamente á traballadora social responsable dese usuario.

Segundo a Consellería de Sanidade a empresa non pode comunicar á persoa usuaria o motivo da baixa da traballadora ou traballador, xa que sería violar a protección de datos. O que ten obriga é de comunicar a baixa á persoa usuaria e, no menos tempo posible, cubrir o servizo con outro ou outra traballadora.

Tamén o Sergas informa o seguinte, que todos os casos de covid-19 recibirán unha chamada telefónica, da central de seguimento de contactos, e a súa finalidade é realizarlles unha enquisa epidemiolóxica e identificar as persoas coas que mantiveron contacto estreito.

Cando o positivo afecta ao traballador ou traballadora, comunícase ás autoridades sanitarias que esa persoa traballa nun servizo de axuda no fogar, dando o contacto da coordinación do servizo, por se necesitan algunha outra información, para que así as autoridades poidan rastrexar e informar a aquelas persoas que estime oportunas. No caso de que os rastrexadores tarden en comunicarse coa traballadora, a empresa ponse en contacto co Sergas e fai seguimento da evolución deses casos.

Explica que a empresa ten un protocolo de prevención fronte a covid-19, do cal teñen copia no concello, que segue o estipulado polo protocolo do ISSGA en materia de axuda no fogar. A empresa, no ano 2020 fixo 3 cribados a maiores das probas que estipula Sanidade, segundo contemplan por confirmación de positivo en covid-19.

Toma a palabra o señor alcalde para pedirlle que vaia rematando.

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez continúa dicindo que a traballadora social do concello ten contacto directo diario e conexión permanente coa empresa, sendo coñecedora tanto das persoas usuarias en corentena e/ou illadas por contacto directo, as que son positivas en covid-19, como dos traballadores e traballadoras que están na mesma situación. Ten contacto directo estrito coas unidades de traballo social doutras administracións, centro de saúde, hospitais, dos cales trasladan a situación da persoa usuaria e tamén, claro está, co resto das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar.

Conclúe dicindo que a traballadora social que leva e que é responsable deste servizo no concello está dispoñible totalmente os 365 días do ano se o servizo o require, mañá, tarde, fin de semana ou festivos. Por iso lle agradece de antemán a súa dispoñibilidade e o seu labor.

Toma a palabra o señor alcalde para aclarar que lle dixo que fora rematando pensando que eran 3 minutos, cando realmente eran 5 minutos do que dispoñía, e levaba 3 e medio. Pídelle desculpas á concelleira.

Concedida a palabra a dona María Jesús González Roel, concelleira do PP, manifesta que simplemente dicirlle á Sra. concelleira que segue exculpándose sempre nos funcionarios. Os funcionarios xa saben que fan o seu labor perfectamente, porque non son funcionarios de agora, levan moitísimos anos.

Pero ben, tendo en conta que o contacto de axuda a domicilio é un dos máis cuantiosos e sensibles do Concello de Cambre, que supón para as arcas municipais un custo de 1.200.000 euros/ano, e un contrato que se vai asinar por catro anos, por 5.114.000 euros, o concello debería ter a obrigación, a través dos seus responsables,

de que ese servizo se realice nas mellores condicións posibles. Non obstante, dende o grupo do PP teñen recibido queixas, tanto de usuarios como das traballadoras, por falta de EPIS, nestes momentos de tan especial perigosidade, tanto para elas como para ás persoas usuarias, que son persoas maiores.

Tamén recibiron queixas por parte dalgúns usuarios. Non teñen coñecemento do caso que comenta a moción, pero si teñen casos doutros usuarios que, sobre todo na época da pandemia, víronse e sentíronse totalmente abandonados por parte das empresas, ás que só lles interesan os números. É dicir, o concello ten a obriga de estar vixiando que estas empresas cumpran cos requisitos que se lles marcaron, porque é moito diñeiro o que están cobrando e realmente non é o servizo adecuado o que están dando agora mesmo.

Conclúe dicindo que teñen a obriga de vixiar este servizo e, dende logo, o PP está de acordo coa moción, e todo o con todo o que se poida mellorar.

Concedida a palabra a don Raúl Varela Fraguío, voceiro de AV, manifesta que dado que consideran que a axuda a domicilio é un servizo necesario e primordial, o seu grupo loxicamente vai apoiar a moción, e tamén consideran que desde o concello, en especial dende a Concellería de Servizos Sociais, hai que dar un paso adiante e deixar de botar balóns fóra, porque fálase da empresa, fálase da Xunta, fálase dos funcionarios e técnicos, e a AV xúrdelle a dúbida de cal é exactamente a función da concelleira.

E unha cousa máis, simplemente, xa que antes non se lles deu a palabra na quenda anterior, simplemente aplaudir as palabras do compañeiro do BNG na moción anterior.

Toma a palabra o señor alcalde para pedirlle desculpas por non terlle dado a palabra pero di que, evidentemente, non poden estar saltando como dixo ao principio. Pídelles que pidan a palabra con tempo porque senón difíciltanlle a el á hora de levar o pleno. Non era por non darlle a palabra, senón que despois de C's ou EU evidentemente non podía vir AV, tería que ter intervindo antes. Non é outro o motivo que ese.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común, dille ao señor alcalde que lle vai demostrar que o criterio que ten non vale para todos o mesmo. Antes de que comezara a lectura o compañeiro do BNG, ela pediu a palabra e escribiu no texto "cuestión de orde". Tamén lle gustaría que lle dixeran en que punto do Regulamento orgánico municipal di que por non pedir a palabra en orde, acaba de revisalo e non aparece en ningún sitio, o feito de non pedir a palabra en orde pode chegar a non dar o uso da palabra.

Outra cousa é que pretenda moderar e ordenar o debate, como non pode ser doutro xeito, pero quitar a palabra a un grupo porque non a pide en orde, tendo en conta que ela llo pediu antes de que falara o BNG, e escribiu "cuestión de orde", e o señor alcalde ou non o viu ou non o quixo ver... É dicir a palabra lévaa pedida dende antes, así que se o señor alcalde non veu a súa, ao mellor é probable que outros grupos a pediran e el estea anulando palabras que non debe facer, e nese caso, se lle ocorre a ela, gustaríalle que llo xustificara co ROM.

Por outra parte, e en relación coa moción que están a debater, está absolutamente a prol. A instauración e a posta en práctica dun protocolo de prevención e actuación diante da covid na atención domiciliaria municipal non pode ser nada máis que beneficioso para usuarios e tamén para persoas prestadoras do servizo.

É dicir, si é certo que as regras do xogo adoitan ser que os grupos van manifestando a súa intención de voto para poder tamén o resto dos grupos facer as súas intervencións, pero ela non sabe, nin por parte de UxC, nin por parte do PSOE, e xa pasaron as súas intervencións, cal é o sentido do seu voto.

Agarda que sexa positivo, porque considera que a iniciativa é boa, é necesaria, e o protocolo de prevención evitaría un montón de distensións e de problemas, queixas que, como aos anteriores compañeiros, a ela tamén lle relataron e que incluso nos principios da pandemia producíronse con bastante frecuencia no Concello de Cambre.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo, concelleira de C's, manifesta que será breve, simplemente dicir que o seu voto será a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, di que dende o seu grupo, sinceramente, agradecen, dende a discrepancia parcial, o ton neste caso da resposta da concelleira de Servizos Sociais. Toman nota, incluso, para trasladar ao Parlamento Galego, pois unha cuestión que ven que está solta, que queda un pouco pendente, é lóxico, xustamente facían mención na moción á inmediatez da irrupción da covid nas vidas de todos, fala en concreto da cuestión da protección de datos. Ben está que a empresa non poida dicir o porque da baixa dunha traballadora aos usuarios, pero o certo é que 24 ou 48 horas despois é o propio Sergas quen informa.

Como di, toman nota do expresado pola concelleira, pero insisten na necesidade, ao seu modo de ver, de sacar adiante este acordo, esta moción plenaria que nace na vontade inequívoca de chegar ao máximo consenso posible nesta Corporación.

Di que eles teñen informacións, como poden ter, seguro, dendo o equipo de goberno, sobre que a actual empresa que leva prestando este servizo en precario durante máis de 2 anos, pois non cumpre debidamente o seu traballo. E non é que o diga de maneira subxectiva o BNG, e que o di, entre outras instancias, a Inspección de Traballo e a Seguridade Social, nin máis nin menos, que teñen sancionado a esta empresa que presta o servizo, a día de hoxe en precario, ao Concello de Cambre, por incumprir os aspectos básicos das condicións laborais dos traballadores e traballadoras. Iso unido á actual situación, total e absolutamente descontrolada de brotes de covid-19 que estamos a vivir, cre que reforzan a idea de que é necesario que Cambre conte cun protocolo de prevención e actuación diante da covid-19, na atención domiciliaria municipal.

Quere deixar clara unha cousa, porque non lle quedou xustamente clara. Dende a irrupción da crise, dende finais de marzo, principios de abril, é necesario, é preceptivo, que as empresas que prestan este tipo de servizos a administracións públicas, como é o Concello de Cambre, dispoñan dun protocolo covid-19. El quere pensar, e pensa, que esa empresa dispón dese protocolo e que ese protocolo está debidamente rexistrado no Concello de Cambre. A partir de aí, o Concello de Cambre ten que facer un seguimento, ten que facer unha vixilancia de como está funcionando este servizo. E a ollos de moitos usuarios, segundo lles trasladan, e dende logo dende o parecer do seu humilde grupo da oposición, iso non se está cumprindo, quizais porque non hai un protocolo.

Ben, pois pide facer ese protocolo, para que a xente non se senta desatendida, para ofrecer un servizo de atención domiciliaria de calidade, porque máis aló dos mínimos que pode marcar un goberno autonómico ou estatal, ben esta que un concello como Cambre camiñe pola pauta da calidade na atención domiciliaria, un servizo tan básico como ese.

Agradece o voto favorable do conxunto de grupos da oposición, e tamén o comentario positivo por parte do voceiro de AV, Raúl Varela, e oxalá esta moción poida saír adiante, non polo seu grupo político, non pola oposición ou polo Goberno, senón moi especialmente polos usuarios de servizos sociais do Concello de Cambre na súa atención domiciliaria. E tamén de maneira moi significativa polos traballadores e traballadoras, porque falan dun servizo altamente feminizado, que prestan ese servizo sen, a día de hoxe, o afirman así, sen todas as garantías sanitarias vinculadas á covid-19.

Toma a palabra o señor alcalde para contestarlle simplemente á concelleira de EU-Son en Común que o que fan é unha cuestión de organización, e as intervencións sempre son dos grupos de maior número de concelleiros a menor número de concelleiros, é un tema simplemente de organización.

Di que é verdade que os que están na Alcaldía non leron o que ela escribiu, polo tanto pídelles sinceramente desculpas, porque non o leron, estaban atendendo ao vídeo e non leron o que puxo.

De todas formas, o que pide de que cada grupo diga a súa intención de voto, evidentemente cada grupo é libre para dicir o que queira en cada intervención. Ben pode dicir cal é a súa intención de voto, ou ben non dicila e expresala na votación final, polo tanto, reitera que entende que cada grupo é libre de dicir o que entenda oportuno no momento da súa intervención.

Repite que lle pide desculpas por non ter lido o seu comentario.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's). Votan en contra os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei).

O Pleno municipal, por doce votos en contra, rexeitou a moción presentada polo grupo municipal do BNG a elaboración dun protocolo de prevención e actuación diante da Covid-19 na atención domiciliaria dos Servizos Sociais do Concello de Cambre.

Antes de dar lectura á moción, dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, pídlle ao señor alcalde que lle permita dicir que por suposto que acepta as súas desculpas, agradéceas, nin sequera facía falta que as pedira, só quería demostrarlle que neste caso os plenos, con esta forma de facelos ningún deles está acostumado a facer as cousas así, e só quería dicirlle que nestes casos hai que ser un pouquiño máis indulxentes, porque ás veces atráncanselles a todos, como lle acaba de pasar a el, pero por suposto que agradece o seu talante e as súas desculpas, que son aceptadas.

C) Moción presentada por EU-Son en Común para incluír como grupo prioritario no plan de vacinación ás traballadoras de axuda a domicilio

Rexistrada de entrada ao núm. 999/372 o día 22 de xaneiro de 2021. Consta do seguinte teor literal:

“O Plan Galego de Vacinación fronte ao Sars-COV2 iniciouse a principios de 2021 coa vacinación das persoas residentes e traballadoras dos centros de maiores, continuando, tras a segunda recepción de vacinas, polo grupo de persoal sanitario considerado de primeira liña. Esquerda Unida entende que a Xunta de Galicia deba incluír de xeito prioritario ás traballadoras de axuda a domicilio no plan de vacinación coma obxectivos inmediatos das seguintes vacinas.

A situación de envellecemento e dependencia está a facer que cada vez máis galegas e galegos precisen axuda para realizaren actividades básicas nos domicilios. Este papel está a ser cuberto moitos casos por traballadoras subcontratadas polos concellos que visitan diversos domicilios de persoas vulnerables ao día.

É precisamente a precariedade coa que traballan e a cantidade elevada de domicilios que fan diariamente o principal motivo polo que deberan ser unha prioridade na vacinación, tal e como xa se fixo noutras comunidades como Aragón.

A exposición destas persoas ten un alto risco de infección ao mesmo tempo que de ser un vector da enfermidade, con visitas diarias e domicilios, principalmente de persoas maiores susceptibles de contaxiarse facilmente de Covid-19, motivos suficientes para incluílas como grupo prioritario.

Por todo o anterior, dende Esquerda Unida de Cambre propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

O Concello de Cambre insta á Xunta de Galicia a:

Que inclúa como grupo prioritario no plan de vacinación, das seguintes vacinas, ás traballadoras de axuda a domicilio.”

Concedida a palabra a dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que como voceira do Goberno, totalmente de acordo coa moción. A votación do equipo de goberno será a prol.

Concedida a palabra a dona María Jesús González Roel, concelleira do PP, manifesta que eles tamén están de acordo coa moción. Comparten a importancia de que o persoal que presta o servizo de axuda a domicilio estea incluído nun grupo prioritario.

Di que a prioridade dos grupos de vacinación está establecida na estratexia de vacinación fronte ao covid-19 en España, aprobada polo Ministerio de Sanidade. Esa estratexia recolle os grupos prioritarios, e no Grupo 3 figura o persoal sanitario e sociosanitario, no que se inclúe o persoal de axuda a domicilio. En Galicia están en proceso de vacinación os Grupos 1 e 2, e estase preparando para comezar o Grupo 3, nos que se inclúen as traballadoras do SAF.

Conclúe dicindo que están totalmente de acordo coa moción.

Concedida a palabra a don Raúl Varela Fraguío, voceiro de AV, manifesta que o seu voto, como non podía ser doutra maneira, vai ser a prol, xa que están totalmente de acordo, considerando esas vacinacións como imprescindibles.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo, concelleira de C's, comunica o seu voto a prol desta moción.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o integran, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

D) Moción presentada por EU-Son en Común sobre a regulación do prezo da electricidade

Rexistrada de entrada ao núm. 999/377 o día 22 de xaneiro de 2021. Consta do seguinte teor literal:

“O pasado 7 de xaneiro o mercado marcou un prezo medio de 88,93€/MWh, cun máximo de 108,97€/MWh na hora 20. Esta cantidade levaba anos sen rexistrarse. Non obstante, a pesares da gravidade deste feito, que coincidía cunha ola de frío sen precedentes na península, a situación empeorou.

A pesar de ser un prezo altísimo, non é o prezo máis alto da historia, pero si da última década ata que á mañá seguinte o mercado eléctrico, na poxa que realiza para o día seguinte, alcanzou o pico de 121,24€/MWh na hora 21. É dicir, o sábado día 9 cando as familias estaban nas súas casas tratando de quentarse ás 21h, pagaron polo MWh a cantidade de 121€.

Esta situación é insoportable e responde aos intereses do oligopolio eléctrico e a un deseño do mercado ineficiente. Se ben é certo que o frío aumenta a demanda eléctrica, a meteoroloxía non está a ser moi propicia estes días para a xeración de renovables (que son as que normalmente baixan os prezos), que o CO2 está caro e o mercado do gas está disparado por

conxunturas externas, isto non xustifica que se estean a alcanzar estes límites récord.

Por todo o anteriormente exposto, dende Esquerda Unida de Cambre, propoñemos para o seu debate e aprobación se procede, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Instar ao Goberno de España a cumprir co punto 3.2 do acordo de goberno e acometer unha profunda reforma do mercado eléctrico que evite estas situacións de prezos extremadamente elevados.

Segundo: Instar ao Goberno de España a que en virtude da Directiva 2019/944 sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade, o Ministerio para a Transición Ecolóxica interveña de forma temporal, ao menos ata o final do estado de alarma, os prezos de acordo ás excepcións que prevé o artigo 5 da dita Directiva.

Terceiro: Instar ao Goberno de España a que deseñe unha tarifa regulada real baixo criterios de mercado como a actual, que substitúa ao actual PVPC.

Cuarto: Amosar o apoio deste pleno e instar ao Goberno de España a revertir a privatización de empresas como ENDESA ou REPSOL para crear unha empresa con capital 100% público e xestión pública que impulse, de forma decidida, as enerxías renovables e a necesaria transición enerxética. Transición enerxética que a de ser xusta, xa que sen ser xusta non será transición tal e como demandan as traballadores e traballadores de ENDESA estes días nas rúas.

Quinto: Instar ao Goberno a que acometa unha modificación no articulado do texto refundido da Lei de augas aprobado polo RDL 1/2001, do 20 de xullo, ou en lexislación equivalente que se promulgue, para incluír os seguintes eixos fundamentais:

- A recuperación de todos os aproveitamentos hidroeléctricos como política de Estado para poder ser xestionados dende o sector público en condicións favorables para o interese común.
- A axilización dos expedientes de reversión de saltos hidroeléctricos e a súa tramitación sen atrasos e sen caducidades.
- A tramitación do expediente á administración hidráulica competente.
- A iniciación, de oficio, de expedientes por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa ou como consecuencia de orde superior, a petición razoada doutros órganos ou por denuncia.
- O expediente de extinción será informado pola comunidade autónoma e os concellos en cuxo ámbito territorial radiquen as centrais hidroeléctricas e demais infraestruturas que formen parte dese sistema de explotación hidroeléctrica.
- A administración hidráulica, cando considere posible e convinte a continuidade do aproveitamento hidroeléctrico e compatible co plan hidrolóxico, acordará a reversión das instalacións do salto hidroeléctrico para a súa explotación.
- Tras a reversión dos saltos hidroeléctricos, e sen prexuízo de que a xestión técnica siga a desenrolarse por empresas do sector, os seus beneficios pasarán a ser de titularidade pública con criterios de vertebración territorial. Os beneficios dos saltos hidroeléctricos destinaranse á restitución económica e social dos territorios afectados polas instalacións hidroeléctricas e a outros fins de utilidade pública ou interese social de carácter xeral ou para investimento público directo en construción de nova xeración renovable, logo de proceso de consulta pública nos concellos afectados, co obxecto de contar coa participación da cidadanía á hora de establecer ou elixir os proxectos que se realizarán grazas ao beneficio obtido da reversión da concesión e, polo tanto, da xeración hidroeléctrica pública.

Sexto: Que calquera contratación pública de subministracións de enerxía eléctrica, gas natural e auga sexan realizadas a partires da data de aprobación da presente moción con empresas que non teñan sido sancionadas por prácticas ilegais polo organismo regulador, para o cal incluírase a dita restrición nos correspondentes pregos de contratación.

Sétimo: Que a subministración eléctrica que puidera realizarse en tanto, exixa no prego de condicións a obrigatoriedade de

realizarse con enerxía 100% renovable a través do mecanismo de garantías de orixe.”

Concedida a palabra a dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira do PSdeG-PSOE, expón que, primeiro de todo, manifestar que dende o grupo de Goberno comparten a preocupación pola suba histórica dos prezos da electricidade que está a poñer cada día a máis familias en situación de pobreza enerxética. Ben é certo que o Goberno de España se comprometeu no seu acordo de goberno a levar a cabo un Plan nacional integrado de enerxía e clima, unha reforma do mercado eléctrico e unha baixada da factura, establecendo para ese efecto unhas liñas de actuación como son favorecer a transición cara á descarbonización e a reforma do mercado eléctrico, que impulse unha redución progresiva dos custos da enerxía renovable que se traslade ao prezo da electricidade, seguindo así o exemplo doutros países europeos.

Aínda que de momento estas medidas non se levaron á práctica, o Goberno si que adoptou outras para paliar os efectos da gran subida, como poden ser a creación de novos supostos para acceder ao bono social eléctrico, ou a prohibición de suspender a subministración eléctrica durante o estado de alarma aos consumidores máis vulnerables.

En relación coa reversión da privatización de empresas como Endesa ou Repsol, di que consideran que podería supoñer unha oportunidade para contar cunha empresa pública que permita ter un maior control neste sector estatal, permitindo baixar prezos e impulsar a instalación de enerxías renovables.

En canto á modificación da Lei de augas, trátase dunha demanda histórica dalgúns territorios, como a Comunidade Autónoma de Aragón, que veñen reclamando dende hai anos. Esta cuestión recobra importancia nos últimos anos na medida en que moitas concesións de saltos de auga van finalizando progresivamente.

Preséntase así unha oportunidade única para que a enerxía hidroeléctrica sexa un factor fundamental nunha transición enerxética xusta e de prezos razoables. Neste contexto cren é preciso crear unha nova normativa que regule a explotación de recursos hidráulicos de maneira xusta.

Por último, di que lles gustaría realizar dúas matizacións nos dous últimos puntos da moción. Modificar o punto 6º para introducir que vai ser estudada esa posibilidade, e o punto 7º tamén habería que modificalo, xa que o concello atópase adherido ao convenio marco para a subministración de electricidade da Femp, polo que introducirían neste punto a matización de instar á Femp a que se esixa esa obrigatoriedade no prego de condicións.

Conclúe dicindo que, exposto o anterior, votarán a prol da moción no caso de que se modifiquen eses dous puntos.

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, manifesta que respecto da moción presentada por EU queren deixar claro que no espírito desta moción el que cre todos os grupos van estar conformes. Parécelles totalmente abusiva a alza que tivo nestes últimos días o prezo da luz, creando unha situación de pobreza enerxética en moitos dos fogares. No municipio de Cambre, pero tamén fogares de toda España.

Respecto da moción que presentou EU-Son en Común, dicir que están máis conforme co que di a súa exposición de motivos que co que logo se di nos acordos, porque ante esta subida histórica o feito de considerar a creación, a nacionalización das empresas pasa por alto unha serie de datos de grande importancia que cren que é necesario reflectir aquí.

Di que en España menos dun 40% da factura da luz depende do prezo da electricidade e do mercado, o resto débese aos custos regulatorios derivados da propia xestión política, por exemplo, subvencións ás renovables, ou ao carbón, ou o déficit de tarifa, entre outras. E aos impostos, como por exemplo o imposto sobre o valor da produción de enerxía eléctrica, entre outros.

Tampouco queren deixar pasar por alto que segundo datos proporcionados por Eurostat ao peche do 2019, o prezo do KW/hora en España era o quinto máis alto da Unión Europea, só por detrás de Dinamarca, Alemaña ou Bélxica, e o noso país sitúase entre os 10 primeiros países da UE que maior IVE aplica a este produto.

Óbviasse tamén nesta moción e nas propostas que se inclúen nela, que nos países europeos nos que a principal empresa eléctrica é pública a factura do consumidor final tense incrementado tamén na onda de frío entre un 30 e un 50%. Ou que Barcelona Eléctrica, empresa pública de electricidade creada polo Concello de Barcelona, dirixido, recorden, por Barcelona en Comú, vende a luz máis cara que o resto das empresas privadas, disfrazando de boas intencións unha proposta que non dá unha resposta eficaz a este problema, e que só pode definirse como populista e demagóxica.

Neste sentido, di que consideran que o que habería que instar ao Goberno é a tomar unha serie de medidas, como por exemplo rebaixar o tipo de gravame do imposto sobre o valor da produción de enerxía eléctrica, do 7 ao 0%, modificando para iso o artigo 8 da Lei 15/2012 de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, tal e como se recolle nunha proposición de lei presentada polo Partido Popular xa o 18 de setembro de 2018.

Ou tamén modificar a Lei 24/2013 do sector eléctrico para, entre outros aspectos, que determinados custos regulatorios que se trasladan á factura eléctrica, como a débeda do sistema eléctrico, sexan financiados integramente con cargo aos orzamentos xerais do Estado, tal e como se ten proposto tamén na proposición de lei presentada polo PP o pasado 19 de xaneiro.

Fálase tamén dunha política hidráulica, política hidráulica que realmente non existiu desde que o Goberno do Sr. Rodríguez Zapatero entrou no Goberno de España. Dilles que teñan en conta o Plan hidrolóxico nacional aprobado polo Goberno do PP e botado atrás polo Goberno socialista do Sr. Rodríguez Zapatero.

Di que se acaba de facer referencia á Comunidade Autónoma de Aragón, e poderían tamén facer referencia á Comunidade Autónoma de Murcia e á súa reivindicación de auga para todos.

Conclúe dicindo que, por todos eses motivos, consideran conveniente introducir estas outras propostas de acordo en lugar dalgunhas das que aparecen reflectidas nas propostas que fai hoxe EU na súa moción, co cal o voto do PP non pode ser máis que contrario á presentación desta moción.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo, concelleira de C's, manifesta que esta moción presenta para eles algúns puntos que son conflictivos para poder levarse a cabo e que, en todo caso, están afastados da posición de C's neste tema.

Ademais, poñendo de relevo que son precisamente o PSOE e Podemos, partidos que supostamente fixeron bandeira nestes temas e que son os que agora mesmo están no Goberno, C's non ve que se teña tomado nin unha soa medida para poder baixar o prezo da electricidade, medidas a nivel estatal. Xa non soamente para poder contrarrestar a suba excepcional que houbo no mes de decembro, senón para baixar en si o prezo estrutural da electricidade, tendo en conta que España, como ben se dixo aquí, España ten un dos prezos máis caros de Europa.

Tamén, ao mesmo tempo, ningunha das medidas que se propoñen na moción teñen ningunha eficiencia probada para poder baixar o prezo da electricidade. Pregúntase en que baixaría o prezo, por exemplo, unha comercializadora municipal. Como dixo o Sr. Abalo, despois de ver a experiencia de Ada Colau en Barcelona, non hai nada que lles demostre que iso podería funcionar.

Pregúntase se unha empresa pública de enerxía baixaría en algo o prezo, como e por que. Agás que non competira en réxime de mercado, e nese caso pregunta para que sería necesaria unha empresa de enerxía como tal.

Por outro lado, falan de intervir os prezos, e ela pregúntase se valería, porque para que. Pregunta se para seguir incrementando o déficit de tarifa que deixaron no seu momento o PSOE e o PP, e que aínda a día de hoxe se sigue pagando.

Di que todo isto contrasta un pouquiño coa ausencia absoluta dalgunha referencia ao que realmente si permitiría baixar de maneira directa, e ata en case máis dun 50% o recibo da luz, que é a baixada do tipo de IVE, evitando a dobre imposición que actualmente se lle aplica a este imposto, eliminando outros cargos que hai na tarifa e que non gardan ningunha relación co custo en si da electricidade.

Conclúe dicindo que sobre estas medidas, non obstante, non ven nin unha soa referencia, polo cal o seu voto vai ser a abstención. Oxalá dese resultados, pero non ven ningunha proba diso, e non ven medidas que realmente poidan baixar o prezo do recibo da luz que, como xa dixo, sería o primeiro baixar o tipo de IVE e evitar a dobre imposición que actualmente hai sobre este imposto, e eliminar outras recargas que hai na tarifa e que non gardan relación co custo real da electricidade.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común, manifesta que non é moi boa levando a orde das cousas, polo que vai ir contestando segundo ten apuntado, entón pode que salte algo.

En primeiro lugar quería preguntarlle á concelleira do PSdeG-PSOE. A modificación do 7º punto si que a escoitou claramente, e non hai ningún tipo de problema en incluír esa modificación, pero non entendeu ben cal era a modificación do punto 6º. Non sabe se llo quere dicir agora, para poder incluílo ou non, ou se quere que o digan despois, iso como diga o señor alcalde, non hai problema. Xa di que respecto do 7º punto non hai ningún tipo de inconveniente en incluír esa modificación.

Despois, di que esta moción en realidade máis que, dicíano ao principio, máis que unha moción competencia de Cambre, que evidentemente non o é, é unha declaración de intencións. Aquí hai diferentes formas de entender a política neoliberal, de entender a intervención no sector privado e sobre todo nos sectores enerxéticos, e hai outra forma de entendela quizais dende unha perspectiva un pouco máis intervencionista. Aquí están falando dunha cuestión profundamente ideolóxica, e ela entende, comprende e esperaba as intervencións do PP e C's, pero por ese motivo o di.

Do que está falando esta moción é do necesario, estrutural, de todo o conglomerado podre das enerxéticas en España, que se leva fraguando dende hai máis de 50 anos.

Tendo en conta onde vivimos, tendo en conta o aire, o sol, a auga que temos, calquera dos usuarios de servizos eléctricos, ou incluso de gas, do noso territorio tería que pagar mínimo a cuarta parte da factura. Temos un país cun montón de enerxía que se podería incluso exportar en grandes cantidades e chegaría perfectamente para que todos vivisen enerxeticamente cómodos. Claro, iso suporía que os grandes lobbies das enerxéticas non viviran como viven. Di que non vai enredar máis neste asunto, que todos saben perfectamente do que fala.

Falaba tamén a concelleira socialista de que dentro do acordo de goberno había unha intención de realizar cambios estruturais, e que se tomaron medidas.

Dille que ela fállalle tendo en conta que pertence a EU, un dos grupos que forma parte desa coalición de goberno, e que incluso ten ministros dentro, e ela entende que se pode ampliar ou ir facendo melloras agora, en

época de covid, con pequenas actuacións, pero non é a actuación necesaria para poder solucionar esta situación.

E xa por último, falaba da dobre imposición. Efectivamente, o imposto eléctrico foi creado para favorecer á minería en España.

E por último, o comentario, a intervención do Sr. Abalo cando dixo que o problema do recibo da luz era cousa das renovables, pois claro, comprenderá que falan en diferentes idiomas.

Conclúe dicindo que a puntualización da concelleira socialista si que lle gustaría escoitala, para saber se poden acollela dentro da modificación da moción.

Concedida a palabra a dona Patricia María Parceró Quiñoy explica que o que falaba de incluír no punto 6º é poñer simplemente que se estudará calquera contratación pública de subministracións, e seguir o punto co que pon, simplemente incluíndo que se estudará ese punto.

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex manifesta que só por precisar a alusión á súa intervención anterior, o que dixo especificamente é que en España menos dun 40% da factura da luz depende do prezo da electricidade e o mercado, o resto, o outro 60% débese a custos regulatorios que son derivados propiamente da xestión política, como por exemplo a subvencións ás renovables.

Conclúe dicindo que, á vista de que tampouco se fai alusión na moción a esas dúas propostas de acordo para que sexa posible a rebaixa da factura da luz, como é rebaixar o tipo de gravame do IVE do 7 ao 0%, ou a modificación legislativa para que determinados custos regulatorios incluídos na factura da luz se fagan a partir de entón como débeda do sistema eléctrico financiado con cargo directo aos orzamentos xerais do Estado, o grupo municipal do PP anuncia a posibilidade de presentar unha moción, en tempo e forma, para o vindeiro pleno do mes de febreiro.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López expón que, por clarificar, para que todos os grupos saiban o que votan, no punto 6º entende que o que quere a concelleira é cambiar as palabras “para o cal incluírase a dita restrición nos correspondentes pregos de contratación.”, e dicir “para o cal estudárase incluír a dita restrición...”. Non é o mesmo sentido, evidentemente, pero non sabe se se refire a cambiar “incluírase” por “estudárase”, se se estudará o punto.

Toma a palabra o señor alcalde para dicir que precisamente iso é o que quere dicir a concelleira, é dicir, que en vea de poñer “para o cal incluírase a dita restrición dos correspondentes pregos de contratación” o que queren dicir é que se comprometen a estudalo dende o Goberno. Explica que non poden dicir que se incluírán as ditas restricións sen saber se van cumprir con iso ou non. E na 7ª xa dixo a concelleira propoñente que o cambia polo que comentou a concelleira socialista.

Dona María Olga Santos López manifesta que tendo en conta que o poder de contratación, e quen toma as decisións neste caso, é o Goberno, acepta ambas modificacións.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, coa inclusión das modificacións propostas por dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, respecto dos puntos sexto e sétimo dos acordos, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e

dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común). Votan en contra os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe). E abstense a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por dezasete votos a prol, adopta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Instar ao Goberno de España a cumprir co punto 3.2 do acordo do Goberno e acometer unha profunda reforma do mercado eléctrico que evite estas situacións de prezos extremadamente elevados.

Segundo: Instar ao Goberno de España a que en virtude da Directiva 2019/944 sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade, o Ministerio para a Transición Ecolóxica interveña de forma temporal, ao menos ata o final do estado de alarma, os prezos de acordo ás excepcións que prevé o artigo 5 de dita Directiva.

Terceiro: Instar ao Goberno de España a que deseñe unha tarifa regulada real baixo criterios de mercado como a actual, que substitúa ao actual PVPC.

Cuarto: Amosar o apoio deste pleno e instar ao Goberno de España a reverter a privatización de empresas como ENDESA ou REPSOL para crear unha empresa con capital 100% público e xestión pública que impulse, de forma decidida, as enerxías renovables e a necesaria transición enerxética. Transición enerxética que a de ser xusta, xa que sen ser xusta non será transición tal e como demandan as traballadores e traballadores de ENDESA estes días nas rúas.

Quinto: Instar ao Goberno a que acometa unha modificación no articulado do texto refundido da Lei de augas aprobado polo RDL 1/2001, do 20 de xullo, ou en lexislación equivalente que se promulgue, para incluír os seguintes eixos fundamentais:

- A recuperación de todos os aproveitamentos hidroeléctricos como política de Estado para poder ser xestionados dende o sector público en condicións favorables para o interese común.
- A axilización dos expedientes de reversión de saltos hidroeléctricos e a súa tramitación sen atrasos e sen caducidades.
- A tramitación do expediente á administración hidráulica competente.
- A iniciación, de oficio, de expedientes por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa ou como consecuencia de orde superior, a petición razoada doutros órganos ou por denuncia.
- El expediente de extinción será informado pola comunidade autónoma e os concellos en cuxo ámbito territorial radiquen as centrais hidroeléctricas e demais infraestruturas que formen parte dese sistema de explotación hidroeléctrica.
- A administración hidráulica, cando considere posible e convinte a continuidade do aproveitamento hidroeléctrico e compatible co plan hidrolóxico, acordará a reversión das instalacións do salto hidroeléctrico para a súa explotación.
- Tras a reversión dos saltos hidroeléctricos, e sen prexuízo de que a xestión técnica siga a desenrolarse por empresas do sector, os seus beneficios pasarán a ser de titularidade pública con criterios de vertebración territorial. Os beneficios dos saltos hidroeléctricos destinaranse á restitución económica e social dos territorios afectados polas instalacións hidroeléctricas e a outros fins de utilidade pública ou interese social de carácter xeral ou para investimento público directo en construción de nova xeración

renovable, logo de proceso de consulta pública nos concellos afectados, co obxecto de contar coa participación da cidadanía á hora de establecer ou elixir os proxectos que se realizarán grazas ao beneficio obtido da reversión da concesión e, polo tanto, da xeración hidroeléctrica pública.

Sexto: Estudar que calquera contratación pública de subministracións de enerxía eléctrica, gas natural e auga sexan realizadas a partires da data de aprobación da presente moción con empresas que non teñan sido sancionadas por prácticas ilegais polo organismo regulador, para o cal estudarase incluír a dita restrición nos correspondentes pregos de contratación.

Sétimo: Instar á FEMP a que a contratación da subministración eléctrica que poida realizar, exixa no prego de condicións a obrigatoriedade de realizarse con enerxía 100% renovable a través do mecanismo de garantías de orixe.

E) Moción presentada por EU-Son en Común en defensa dunha baixada de ratios en Educación para garantir unha educación segura e inclusiva

Rexistrada de entrada ao núm. 999/375 o día 22 de xaneiro de 2021. Consta do seguinte teor literal:

“As recomendacións da Rede de Atención á Infancia da Comisión Europea, en materia de ratios, establecen que na educación infantil requírese unha persoa especialista por cada 4 bebés de 0 a 12 meses (1/4), 1/6 para nenos e nenas de 12 a 24 meses; 1/8 en nenos e nenas de 2 a 3 anos; 1/15 nenos e nenas de 3, 4 e 5 anos.

Pola súa parte, no ensino obrigatorio (de 6 a 16 anos) as aulas non deberían superar os 20 estudantes por grupo-aula para poder dar resposta á diversidade do alumnado e desenvolver unha educación máis inclusiva e personalizada.

Así mesmo, o Plan Bolonia establecía que, para reforzar o traballo individualizado nas aulas universitarias, houbera un máximo de 30 estudantes por aula universitaria e que a partir de 38 suporía a formación dun segundo grupo.

A adecuación da ratio de alumnado por aula é unha medida clave e imprescindible, non só para respectar o distanciamento social necesario nestes tempos de COVID 19, senón como instrumento necesario nos sistemas educativos para poder garantir a súa inclusividade e loitar contra o abandono e o denominado fracaso escolar, permitindo unha educación personalizada e que realmente poida atender á diversidade,

O tamaño da clase afecta á cantidade de tempo e atención que un profesor ou profesora pode dar aos seus estudantes de xeito individualizado, así como ás dinámicas sociais de interacción e aprendizaxe entre os estudantes. É positiva non só para personalizar a educación de todos os estudantes, para dar resposta inclusiva á diversidade crecente nas aulas, e especialmente para o alumnado con máis dificultades, senón tamén é positiva para os e as docentes pola carga de traballo e a atención que poidan realizar de xeito individualizado.

Todo isto leva consigo o incremento significativo de cadros de persoal de profesorado e o acondicionamento dos espazos e as infraestruturas escolares necesarias. Esta crise, neste sentido, pode supor unha oportunidade para poñer os piares esenciais dunha educación inclusiva con recursos, como sempre foi expresado nas declaracións oficiais e leis educativas.

O único cuestionamento que se formula a esta medida é de carácter económico: o seu custo. Pero se a educación é un dos piares do futuro da nosa sociedade, debe ser tamén unha das prioridades do noso investimento. Por iso, esta medida ten que vir acompañada, así mesmo, do investimento público preciso para artellar un incremento substancial no cadro de persoal do profesorado permanente para que quede garantida, tanto a seguridade, como a inclusión e a calidade do ensino e evite situacións de desigualdade no acceso á educación ou situación de falta de recursos.

Por todo o anterior, EU de Cambre propón ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Adherirse como Concello á Petición número 0584/2020 ao Parlamento Europeo, presentada polo profesor da Facultade de Educación da Universidade de León, D. Enrique Javier Díez-Gutiérrez, para que inste aos Estados membros a reducir a proporción de estudantes por aula e o aumento do número de profesorado correspondente para iso, en todos os niveis educativos: [https:// cutt.ly/ohmCzAx](https://cutt.ly/ohmCzAx).

Segundo: Instar ao Goberno autonómico a adherirse á dita Petición europea.

Terceiro: Instar ao Goberno autonómico a que sexan adoptadas as medidas necesarias para reducir as ratios escolares en todos os niveis educativos, así como o incremento de profesorado necesario e os recursos económicos para realizalo.”

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, manifesta que moi rapidamente polas horas que son e por respecto ao resto de compañeiros, o voto do PP nesta moción presentada por EU-Son en Común vai ser contrario a ela, xa que o número medio de alumnos por grupo en Galicia xa é actualmente inferior ao de España, ao da UE e ao da OCDE.

A Comunidade de Galicia tamén ten unha ratio inferior á de Xapón, un dos países con mellores resultados en PISA, e iso vén a subliñar que non existe unha evidencia suficientemente fundada que sosteña que reducindo máis a ratio se acaden mellores resultados.

O número medio de alumnos por profesor tamén é inferior ao estatal. No actual curso a prioridade da Xunta foi apostar polo ensino presencial, e para iso, a principal medida deste curso foi o reforzo de profesorado coa contratación de arredor de 2.300 novos docentes.

Polo tanto, á vista das peticións recollidas na moción de EU, e polos motivos que acaba de expresar, o voto do PP vai ser contrario á dita moción.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común, só quere contestar ao Sr. Abalo e tamén moi brevemente.

Dixo que non hai evidencias. Para o PP saben que nunca, nunca, é evidencia o que falen e digan as forzas vivas de cada un dos sectores. Dille que as evidencias son o que piden os mestres; as evidencias son o que sofren as nais e pais; as evidencias son o que sofren as nais e pais con nenos e nenas con diversidades concretas, que precisan de ratios inferiores para poder ser atendidos e atendidas, tal e como corresponde.

E se toda e canta evidencia o Sr. Abalo ve que poida invalidar esta petición, que ademais tampouco tería maior problema, porque xeraría moitísimo máis emprego e unha calidade de ensino e de vida moito máis grande, se toda a evidencia e toda a comparativa é un dato de Xapón, ela non sabe.

Dille ao Sr. Abalo que benvido á vida, que fale, que saia á rúa e fale cos profesores, que fale coas nais e cos pais, e a partir de aí igual as evidencias veñen a el, non fai falta que as vaia buscar a Xapón.

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex manifesta que, por alusións, evidentemente ten aludido entre outros países a Xapón, por ser o que o informe PISA tamén establece como un no que hai que mirarse. Pero dille á Sra. Olga Santos que, en primeiro lugar, cómpre destacar que o número medio de alumnos por grupo en Galicia, como xa dixo, é inferior ao de España. É un dato que se repite dende o curso 1999-2000, é dicir, dende hai máis de dúas décadas. Así mesmo, esa tendencia prodúcese tanto no nivel de educación primaria como no de secundaria.

Continúa dicindo que media de alumnos por grupo en Galicia tamén está por debaixo da OCDE, da UE, dos 23 e tamén de Xapón, un dos países con mellores resultados en PISA. Non é só o de Xapón, senón todos eses países da contorna.

A Xunta de Galicia defende os seguintes ratios máximos, unha educación infantil e educación primaria de 25 alumnos por aula, e unha educación secundaria de 30 alumnos por aula. No caso do número medio de alumnos por profesor, en Galicia tamén se atopa por debaixo da media estatal.

Di que non sabe se a concelleira fixo caso ao que lle dixo na súa intervención anterior, a principal medida deste curso foi o reforzo do profesorado, coa contratación de arredor de 2300 novos docentes, algo máis de 1300 para atender a desdobres e ao incremento da oferta, e case 1000 exclusivamente de reforzo do alumnado máis vulnerable.

Conclúe reiterando que son 2300 novos docentes, 2300 novas contratacións. Cre que isto tamén invalida a anterior contestación da concelleira respecto do rexeitamento das posturas do PP respecto da votación en contra desta moción.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's). Votan en contra os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por dezaoito votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

Este punto non foi utilizado.

Faise constar que cando son as 23:35 horas, desconéctase da plataforma e emisión e, polo tanto, auséntase da sesión, don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG.

4.2. Rogos

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada aos núms. 999/408, 999/412 e 999/416, o día 25 de xaneiro de 2021.

1º rogo - Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Hai meses, por non dicir anos, que o Grupo Municipal Popular trouxo a pleno as deficiencias observadas no Paseo dos Templarios, na parroquia do Temple, como o pavimento en mal estado, mobiliario urbano esnaquizado, ausencia de mantemento de espazos verdes, falta de roza, sinalizacións rotas e repintadas, etc. Deficiencias que o Goberno se comprometeu a realizar á maior brevidade posible. O certo e verdade é que meses máis tarde, atopámonos novamente cunha promesa incumplida por este Goberno local, pois, tal e como evidencian as fotografías que se achegan, o Paseo dos Templarios segue amosando os mesmos defectos que se comprometeron a arranxar.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interese que á maior brevidade posible se resolvan os problemas advertidos e se cumpra o comprometido no Paseo dos Templarios desde hai tempo.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, recolle o rogo.

Don Juan María Abalo Castex di como se aceptou o rogo quererían que ese compromiso realmente fora firme, porque realmente, como estaban dicindo no rogo, este rogo xa foi presentado hai meses, en realidade hai anos, e ven que segue habendo os mesmos problemas que entón. Seguen no mesmo estado. O mobiliario segue en mal estado, a roza segue practicamente salvaxe desde entón, o pavimento segue igual, co cal, o feito de que o equipo de goberno, como en tantas outras ocasións, o feito de que acepten o rogo, non lles trae a garantía de que se vaia executar, por iso dicía se hai un compromiso respecto do cumprimento deste rogo.

2º rogo - Lee o rogo dona Marta María Vázquez Golpe.

Son numerosas as queixas veciñais recibidas polo Grupo Municipal Popular sobre o estado no que se atopa o terreo situado na urbanización A Barcala, fronte á entrada e o aparcadoiro da superficie comercial existente nela, que tal e como se advirte nas fotografías que se achegan presenta un estado deplorable de sucidade e abandono.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se solicite da concelleira competente que se adopten as medidas necesarias para resolver os problemas advertidos nun dos lugares máis transitados da urbanización A Barcala.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que recollen o rogo, pero quere facer un matiz, esa parcela non é municipal, esa parcela é privada.

3º rogo - Lee o rogo dona María Jesús González Roel.

Tamén teñen sido constantes as queixas recibidas por este Grupo Municipal Popular respecto do estado no que se atopan as marquesiñas de autobús existentes ao longo do noso termo municipal, queixas que foron levadas en varias ocasións a pleno e comisións informativas, téndose comprometido o Goberno local ao seu arranxo e limpeza.

Non obstante, tal e como se advirte nas fotografías que se achegan, o estado no que se atopan as marquesiñas de autobús existentes na estrada Cambre-Temple non ofrecen a mellor imaxe do noso concello, merecendo que se arranxen e limpen, xa que a que non está rota ou cos cristais estalados, atópase repintada, estalada ou estremadamente sucia.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interese que pola concelleira competente se reparen e limpen, á maior brevidade posible, as marquesiñas de autobús existentes ao longo da estrada Cambre-Temple.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, recolle o rogo, pero antes di que quere aclarar que en todas as ocasións nas que o Grupo Municipal Popular trouxo marquesiñas deficitarias fóronse arranxando, e seguirán na mesma liña, seguirán a arranxalas, sempre e cando teñan queixas.

Dona María Jesús González Roel di que simplemente quería comunicarlle á concelleira que a parte das da Ctra. Cambre-Temple, tamén lles comunicaron as deficiencias da marquesiña que hai en Bribes, que din que ten un sumidoiro roto diante mesmo da marquesiña, e que está toda chea de barro por diante, que un non pode nin entrar alí a meterse. É na zona onde está O Potro, en Bribes.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/413, o día 25 de xaneiro de 2021.

1º rogo - Lee o rogo don Brais Cubeiro Fernández.

A recente licitación do Plan de dragaxe e rexeneración da ría do Burgo é unha excelente noticia, acadada despois de anos de loita das persoas mariscadoras e das reiteradas demandas dos concellos ribeiráns e o conxunto da cidadanía da comarca da Coruña.

Porén, seguen pendentes de solución todos os aspectos relativos ao plan social e á compensación económica á que teñen dereito as persoas mariscadoras durante o tempo de execución das obras, ao ter que cesar na súa actividade.

O Goberno Central e a Xunta de Galicia seguen sen poñerse de acordo sobre cal é a administración competente e, xa que logo, a que ten que asumir o custo económico das compensacións.

En consecuencia o grupo municipal do BNG realiza o seguinte rogo:

Que o Concello de Cambre exerza un labor de presión e apoio á xusta demanda dos mariscadores, solicitando á Delegación do Goberno Central en Galicia e ao Goberno Galego a celebración dunha xuntanza entre persoal técnico de ambas administracións para determinar e delimitar o ámbito competencial de cada unha delas e asegurar as compensacións económicas ás persoas mariscadoras mentres dure a suspensión da súa actividade.

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, manifesta que desde o Concello de Cambre, como integrantes da Mesa da Ría, sempre apoiaron as demandas e alegacións realizadas pola Confraría de Pescadores.

Todas as decisións e pasos a seguir están sendo tomados nas xuntanzas da citada Mesa, contando coa total colaboración do concello. Polo tanto, di que aceptan o rogo sempre e cando sexa unha decisión previamente tomada pola Mesa mencionada, ou solicitada directamente pola Confraría de Pescadores.

2º rogo - Lee o rogo don Brais Cubeiro Fernández.

A ausencia de novos títulos durante case un ano na rede de bibliotecas municipais é un feito tan insólito como inadmisíble.

En consecuencia, o grupo municipal do BNG realiza o seguinte rogo:

Que á maior brevidade cheguen ás bibliotecas públicas de Cambre novas referencias.

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, acepta o rogo.

3º rogo - Lee o rogo don Brais Cubeiro Fernández.

As medidas contra a covid-19 recentemente aprobadas pola Xunta de Galicia fan pensar nun notable aumento dos paseos por parte dos nosos veciños en diversas zonas do noso termo municipal. Resultaría de todo punto oportuno que, máxime tendo presente as escasas horas de luz natural destas datas, luminarias, paseos, camiños, pasos peonís, sendas, beirarrúas... se atopen nun estado correcto.

En consecuencia, o grupo municipal do BNG realiza o seguinte rogo:

Que con carácter inmediato se garanta o correcto funcionamento da iluminación pública en zonas peonís, así como a roza de maleza en zonas de tránsito a pé, o correcto estado do pavimento e da sinalización viaria, contemplando ademais a posibilidade de ocupar puntualmente espazos habitualmente destinados ao tránsito rodado para poder ser desfrutado por viandantes.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que, en canto á iluminación pública, agás incidencias que poidan xurdir por temporais ou por calquera outra cousa, a iluminación pública funciona, e hai unha empresa de mantemento de iluminación pública que vela porque todo funcione correctamente.

En canto ao estado do pavimento e da sinalización viaria, di que o Goberno de UxC caracterízase xustamente porque foi no que máis arranxos se fixeron, tanto en sinalización como en pavimentación de camiños, é dicir, non entende moi ben o que queren expresar no rogo.

E despois, na última petición, a de contemplar a posibilidade de ocupar puntualmente espazos habitualmente destinados ao tránsito rodado para poder ser desfrutados por viandantes, non lle queda nada clara a petición. É dicir, non estado no que están agora mesmo, que lle están dicindo á xente que saia da casa o menos posible, agás para o necesario, non entende se aquí están falando de cortar rúas para que saia a xente á rúa, como se isto fora Coruña, por poñer un exemplo, así que non se recolle o rogo.

Rogos de AV presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/411, o día 25 de xaneiro de 2021.

1º rogo - Lee o rogo don Raúl Varela Fraguío.

Dende o grupo municipal Alternativa dos Veciños de Cambre recibimos queixas de varios puntos do municipio sobre o mal estado en que se atopan algunhas das marquesiñas das paradas de autobuses, especialmente en parroquias máis afastadas.

Motivo polo cal rogamos se faga unha revisión e mellora das que sexan de titularidade municipal. E no caso de que non sexan de titularidade municipal, sexa solicitado ás administracións competentes.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, recolle o rogo. Di que quere sinalar que isto faise todos os anos, faise unha revisión de todas as marquesiñas. Teñen un inventario delas, que se vai cada 6 meses, volven facer unha revisión para ver en que estado se atopan, e todos os anos xa deixan unha partida especialmente para arranxalas. Entón van a seguir facéndoo, igual que ata o de agora.

2º rogo - Lee o rogo don Raúl Varela Fraguío.

Ante as queixas de diferentes veciños e veciñas sobre a acumulación de vehículos e materiais de obra no terreo situado na parte de atrás da base de Protección Civil David Pisani e xunto ao IES David Buján e a polideportiva dos Campóns.

Realizamos un seguimento ao lugar, podendo observar que se trata dunha situación permanente e que perdura no tempo, sen mellorar a situación.

O que fai que o lugar pareza un “depósito” de vehículos e materiais varios, máis que un espazo para realizar prácticas de protección civil, que polo que podemos coñecer é o uso que se lle dá.

Ademais, presenta un fácil acceso para calquera persoa que queira acceder, coa posibilidade de risco que poida entrañar, observando que a zona tamén sofre actos vandálicos.

Dende Alternativa dos Veciños rogamos que se tomen medidas para garantir a seguridade do lugar, tanto para evitar a facilidade de acceso, como para garantir a seguridade dos espazos medioambientais próximos.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que efectivamente en canto ao peche do lugar. Xa se están pedindo os tres orzamentos para o peche da parcela.

En canto ao residuo sólido urbano que alí hai depositado, di que é obriga municipal, é dicir, o Concello de Cambre nunca tivo un contrato deste tipo, polo que dende o Goberno, xa hai algún tempo, iniciouse un expediente de contratación para xestionar ese tipo de residuos.

3º rogo - Lee o rogo don Raúl Varela Fraguío.

Ante as novas medidas para a loita contra a covid, a nivel autonómico non se está a dar moitas respostas para apuntalar os “efectos psicolóxicos” negativos que a situación actual está a ter efecto nas persoas e, sobre todo, nalgúns colectivos con máis vulnerabilidade.

Durante o confinamento e durante pouco máis dun mes habilitouse unha consulta psicolóxica telefónica para as persoas que o puideran precisar, iniciativa que nos pareceu un bo servizo municipal e que segundo os medios de comunicación resultou un éxito.

Actualmente cremos que tamén pode resultar de grande axuda para detectar posibles casos de violencia doméstica como outras problemáticas de diversa índole, ademais de ser un gran apoio para calquera persoa que de xeito puntual poida precisar soporte psicolóxico ante o esgotamento que produce en todas as persoas esta situación.

Rogamos que se reactive este servizo municipal para a veciñanza.

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado á Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, á vista deste rogo primeiro sería sinalar que el non entende por que o grupo de AV non solicitou publicamente, como o fixo co Concello de Cambre neste caso, que se atenda á poboación dende a Xunta de Galicia, que é quen ten as competencias.

En segundo lugar, di que levan traballando xa dende hai días en darlle trámite administrativo á posta en marcha deste servizo. En canto finalicen eses trámites administrativos, por suposto que se volverá a poñer en marcha o servizo e volverá a funcionar, entenden, con toda normalidade, como na primeira onda.

Rogos de EU-Son en Común presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/415, o día 25 de xaneiro de 2021.

1º rogo - Lee o rogo dona María Olga Santos López.

A recuperación, vixilancia, conservación e mantemento do público, é un dos piares do traballo da nosa formación. A obriga de manter, recuperar e vixiar o noso patrimonio é unha obriga desta Corporación. O caso que nos ocupa e que traemos a esta sesión plenaria trata sobre os camiños públicos do concello, que nalgúns casos están ocupados e pechados total ou parcialmente impedindo o seu tránsito. Esta é unha constante reclamación de moitos veciños do noso concello, e por suposto moi necesaria para poñer en valor a nosa riqueza, tanto para o uso da comunicación, recuperación de actividades como o senderismo ou o propio desenvolvemento turístico, etc.

A proliferación cada vez maior de maleza, arames de espiños, valados é diferentes obstáculos, fragmentan, sen dereito, numerosos camiños públicos sentíndose os usuarios, na maioría dos casos, indefensos, desorientados ante feitos consumados, pola falta de información e de defensa decidida por parte da administración local.

O crecente uso público dos camiños fai necesario un control e coidado, con un triplo fin, de preservar os valores do patrimonio natural de Cambre, facilitar un uso harmonioso para os usuarios e mantelos en bo estado evitando vertidos de lixos, entullos, etc.

Polo anteriormente exposto dende EU Cambre pregamos que por parte do Concello sexa elaborado un estudo de camiños públicos en mal estado co obxecto de poder ser máis eficientes e dilixentes no seu coidado e mantemento, e garantindo a súa sinalización, conservación e protección.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, recolle o rogo, tendo en conta que isto xa é unha obriga que ten o Goberno, e se non se equivoca, e pódeas corrixir o concelleiro de Patrimonio, porque isto máis ben é un tema de patrimonio, xa existe un estudo de camiños públicos.

2º rogo - Lee o rogo dona María Olga Santos López.

No Concello de Cambre contamos cun Regulamento de participación cidadá aprobado hai camiño de 10 anos sen que este Goberno fixera nin unha chiscadela á súa aplicación e defensa.

No pleno de orzamentos de hai unhas semanas escoitábamnos á concelleira de Facenda e ao propio alcalde dicir de viva voz que para a elaboración dos orzamentos reuníranse coas asociacións de veciños, coas asociacións de empresarios e co resto de tecido asociativo do concello ao obxecto de recoller as súas demandas.

Xa hai 10 anos o Concello de Cambre pretendeu acabar cun xeito de política máis propio da época da Restauración que do século XXI.

Resulta curioso que tendo aprobado dende hai case unha década un Regulamento de Participación Cidadá, a este Goberno que, estando na oposición votaba a favor unha e outra vez todas e cada unha das ocasións na que Esquerda Unida propuxemos a posta en funcionamento do Consello Xeral de Participación Cidadá e os consellos sectoriais, estea na súa segunda lexislatura co regulamento gardado baixo 7 chaves.

Quero recordar que este regulamento ten como obxecto regular as formas, medios e procedementos de participación da veciñanza na xestión municipal, tanto individualmente como a través de asociacións veciñais. A constitución destes órganos é facultativa e a súa creación deberá se acordada polo Pleno por maioría absoluta. O dito acordo xa se produciu en decembro de 2013 nun pleno no que quedou aprobado crear con carácter permanente o Consello Xeral de Participación Cidadá, como órgano de participación dende o que se analicen e coordinen as actuacións que afecten ao conxunto do concello.

Tamén quedou establecido e aprobado que a composición e funcionamento do Consello Xeral de Participación Cidadá atenderá ao regulado nos artigos 25 e 26 do Regulamento municipal de participación cidadá do Concello de Cambre.

Pregamos: Sexa posto en inmediato funcionamento o Consello Xeral de Participación Cidadá de acordo co estipulado nos artigos 25 e 26 do RPC.

Dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, contesta que o compromiso do Goberno municipal coa participación social non debe quedar supeditado ao funcionamento ou non do Consello Xeral.

Di que foi este Goberno o que impulsou as canles para a participación de veciños e veciñas no Concello de Cambre, como os orzamentos participativos "Decidámolo Xuntos", ferramenta que permite de xeito ordenado a participación de toda a veciñanza para incorporar proxectos aos orzamentos municipais. Ferramentas baseadas nas novas tecnoloxías como é a aplicación a través da cal calquera veciño pode comunicar as deficiencias

detectadas no termo municipal. Ou como a creación da Concellería de Desenvolvemento Asociativo, que mantén unha relación continua co tecido asociativo, e dende onde se canalizan as propostas e necesidades que lles achegan.

Di que se o Goberno non iniciou o funcionamento do Consello Xeral non foi por outro motivo que as deficiencias sinaladas e recollidas no informe técnico municipal onde se amosa unha sobrerrepresentación política sobre a veciñal. Faise necesario acometer unha modificación do regulamento, ampliando a representación veciñal e adecuándoo ás novas tecnoloxías, integrando os programas consolidados de participación, como é “Decidámolo Xuntos” e coa implantación de ferramentas para a participación.

Continúa explicando que para poder acadar ese fin con éxito é necesario dotarse de persoal técnico en participación, que na actualidade non teñen. Di que, chegado o momento de afrontar a modificación do regulamento, que non teñan dúbida de que contarán coa participación de todos os partidos con representación no pleno municipal.

Conclúe dicindo que neste momento non poden recoller o rogo.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que, sendo as 12 da noite, vaise dar por rematado este pleno. O que si, agora teñen dúas opcións con todo o que queda enriba da mesa. Ou ben se pasa ao próximo pleno, ou ben poden contestarlles por escrito. Pídelle a todos os grupos que mañá, se é posible, lle digan se queren que se conteste por escrito, e así se fará rapidamente.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, expón que aínda que sexan as 12 da noite cre que ten dereito a responder á contestación do seu rogo.

O señor alcalde recoñece que así é, polo que dona María Olga Santos López expón que, respecto da resposta da concelleira ao seu rogo, que cambiará, e vista a súa negativa a aceptalo, quere dicir varias cousas.

En primeiro lugar di que non lle preguntou por ningún tipo de canle de participación cidadá, coñéceas ben, coñece perfectamente as canles que ten habilitadas o equipo de goberno, pero non está falando delas, está falando do Regulamento de participación cidadá, que está aprobado e que hai que cumprir, estea adaptado ou non á realidade. Se o está hai que cumprilo, se non o está haberá que adaptalo.

Entón, non están falando diso, e pídelle que non lle intente falar ou contestar cousas que non lle pregunta. Ela fálalle do Regulamento de participación cidadá, non dos seus canais de participación personalistas, deses non.

En segundo lugar, dixo a concelleira que hai un informe técnico que non aconsella, polo que lle pide, por favor, que lles faga chegar ese informe técnico, agradeceríallo.

E como último punto, vai cambiar o rogo e neste caso, visto que di que neste momento non poden atender a súa petición, pídelle que dalgún xeito llelo poña por escrito. É dicir, a negativa ao cumprimento do Regulamento de participación cidadá é manifesta, acaba de dicir a concelleira que non van cumprir co regulamento e que non van cumprir co acordo, un acordo do que formaron parte equipos do actual Goberno de Cambre, un acordo de decembro de 2013, no que xente do actual Goberno votou a prol de crear, con carácter permanente, o Consello Xeral de Participación Cidadá.

Conclúe dicindo que esa resposta non lla pode dar ningunha persoa que se dedique á política e que teña un mínimo de altura, porque parece que aquí se cumpre o regulamento cando lle convence ao equipo de Goberno, e cando non, non. Ese é un regulamento exactamente igual que o outro, e exactamente igual que o Regulamento de Cambre, e hai que cumprilo porque está aprobado, e se non se cumpre haberá que xustificalo.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo, de C's, manifesta que dende o seu grupo, como teñen quedado pendentes os seus rogos e preguntas, prefiren que veñan ao próximo pleno que se celebre.

Concedida a palabra a don Raúl Varela Fraguío, voceiro de AV, manifesta que pola súa parte poden contestarlles por escrito.

Concedida a palabra a dona María Carmen Pan Matos, en relación co rogo de EU, di que vai haber Consello Xeral, pero quere dicir que neste momento o desequilibrio de representación política fronte a representación veciñal é un desequilibrio total. A única experiencia de consello sectorial que tiveron neste concello acabou sendo practicamente estéril e improdutivo, había 8 políticos fronte a 4 veciños.

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo prefire que se lles conteste na seguinte sesión de pleno ordinario.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común, indica que ela tamén prefire que se conteste ás preguntas e rogo pendentes na seguinte sesión plenaria.

O señor alcalde manifesta que sen ningún problema.

E tendo en conta o disposto no artigo 103 do Regulamento orgánico municipal respecto do principio de unidade de acto, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e catro horas e sete minutos, do que eu, secretaria xeral, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Maria Luisa de la Red Ampudia